



XUNTA
DE GALICIA

COLEXIO EDUCACIÓN
INFANTIL E PRIMARIA
RAÍÑA FABIOLA



PROGRAMACIÓN

XERAL ANUAL

CURSO 2023 · 2024

1. O CENTRO

1.1.-Introducción .

1.2.-Dependencias .

2. EQUIPO DIRECTIVO .

3. ÓRGANOS COLEXIADOS.

3.1.-Consello Escolar .

3.1.1.-Comisión de convivencia escolar .

3.1.2.-Comisión de servizo de comedor escolar .

3.1.3.-Comisión económica .

3.1.4.-Responsable de igualdade .

3.2.-Claustro .

4. PLAN XERAL

4.1.-Obxectivos Xerais.

4.2.-Actividades Xerais .

5.COMUNIDADE EDUCATIVA .

5.1.-Familia .

5.2.-Profesorado .

5.3.-Alumnado .

5.4.-Persoal non docente.

5.5.-Asociación de Pais e Nais de Alumnos/as .

6.LIBROS DE TEXTO.

7. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.

7.1.-Obxectivos.

7.2.-Segundo Ciclo de Educación Infantil .

7.3.-Equipos Docentes de Primaria .

7.4.-Comisión de Coordinación Pedagóxica .

7.5.-Equipo de Dinamización da Lingua Galega .

7.6.-Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares .

7.7.-Departamento de Orientación .

7.8.-Dinamización da Biblioteca Escolar .

7.9.-Dinamización das TICs.

8. PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA E OUTROS PROGRAMAS.

8.1.-Seccións Bilingües .

8.2.-PLAMBE .

8.3.-Proxecto Edixgal .

9. PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO .

10. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO .

11. HORARIOS

11.1.-Horario Lectivo Infantil e Primaria .

11.2.-Atención Pais/Nais ou Titores/as legais do alumnado.

11.3.-Atención a o alumnado transportado.

11.4.Horario aula informática.

11.5.-Horario biblioteca escolar.

11.6.-Días non lectivos.

12. GARDAS .

12.1.-Gardas infantil .

12.2.-Gardas primaria .

12.3.-Gardas Biblioteca .

12.4.-Gardas biblioteca e reunións martes.

12.5.-Gardas biblioteca tardes .

13.HORARIO DO PERSOAL DOCENTE .

13.1.-Horario Equipo Directivo .

13.2.-Horario profesorado .

13.3.-Horario Aula de Informática .

14. SERVICIOS COMPLEMENTARIOS .

14.1.-Comedor.

14.2.-Transporte.

1.- O CENTRO**1.1.-INTRODUCCIÓN**

O CEIP RAIÑA FABIOLA ten os seguintes sinais de identidade:

Código	Denominación
15015688	CEIP RAIÑA FABIOLA

Enderezo	C.P.
Rúa Entregaleras S/N	15705

Localidade	Concello	Provincia
Santiago de Compostela	Santiago de Compostela	A Coruña

Teléfono	Correo electrónico
981585372	ceip.rainha.fabiola@edu.xunta.gal

Páxina Web
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiprainhafabiola

O ámbito de escolarización do CEIP Raiña Fabiola abarca alumnado tanto da zona urbana de Santiago de Compostela (Carmen de Abaixo , Poza de Bar, San Lourenzo, Salvadas, Santa Isabel, Fonte do Ouro, Casas Novas, Rúa García Sabell, Galeras) como pola zona rural de Figueiras (Piñor-Folgozo-Cruce da Cova-Xulacasa-Codesedas-Pazos-Moas-Sarela-Bar de Arriba-Bar de Abaixo, Casas Novas).

1.2.- DEPENDENCIAS
O Edificio.

Está emprazado dentro dun recinto cerrado con dúas entradas principais, unha para o alumnado de infantil e outra para o alumnado de primaria.

PLANTA BAIXA	1	Despacho de Orientación	
	4	Titorías	
	1	Conserxería	
	1	Despacho equipo directivo	
	1	Aula de Música	
	1	Comedor	
	1	Patio cuberto	
	1	Aseo	
	Cuarto de máquinas e cuarto eléctrico		
PRIMEIRA PLANTA	1	Sala de profesorado	
	1	PT	
	1	AL	
	1	Biblioteca	
	1	Aula de Relixión Católica	
	2	TITORÍAS	
	1	Cuarto RAC	
		Aseos	
SEGUNDA PLANTA	4	Titorías	
	1	Aula de Informática	
	1	Almacén TICs	
		Aseos	
		Cuarto ascensor	
		Cuarto de limpeza	
XIMNASIO	1	Aula de EF	

2.- EQUIPO DIRECTIVO

2.- EQUIPO DIRECTIVO

EQUIPO DIRECTIVO	
M^a Emilia Guerra Fernández	Directora
María D. Alonso Fachado	Xefa de estudos
M^a Elena Busto Galego	Secretaria

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DO EQUIPO DIRECTIVO

HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 - 9:50	DIRECCIÓN	DIRECCIÓN	DIRECCIÓN	DIRECCIÓN	DIRECCIÓN
9:50-10:40			XEFATURA	XEFATURA	
10:40-11:30					
RECREO 11:30-11:55					
12:00-13:10					
13:10-14:00	DIRECCIÓN	SECRETARÍA	SECRETARÍA	DIRECCIÓN	DIRECCIÓN

3.- ÓRGANOS COLEXIADOS

3.1.CONSELLO ESCOLAR

CONSELLO ESCOLAR	
NOME	POSTO
María Emilia Guerra Fernández	Presidenta
María D. Alonso Fachado	Xefa de estudos
María Elena Busto Galego	Secretaria
Juan José Figueirido García	Representante do profesorado
Miriam Pardo Moure	Representante do profesorado
M ^a Consuelo Raamonde López	Representante do profesorado
Rosa Delgado Fontáns	Representante do profesorado
Xoán Carlos Albarellos Codesido	Representante do profesorado
Leticia López Vázquez	Representante dos pais/nais
Natalia Palmou Cibeira	Representante dos pais/nais
Teresa Vázquez Abades	Representante dos pais/nais
Lorenzo de los Santos Gago	Representante dos pais/nais
Laura de la Iglesia Rey	Representante da ANPA
Iago Lestezás Tizón	Representante Concello

Este Órgano Colexiado reunirase trimestralmente en sesión ordinaria e cantas veces sexan necesarias, convocado pola súa presidenta ou a petición dun terzo dos seus membros.

As súas competencias están reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) texto consolidado e na Lei Orgánica 8 /2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

3.1.1.- COMISIÓN DE CONVIVENCIA ESCOLAR

DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4 /2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Artigo 6.1. A comisión de convivencia de cada centro constituirase no seu do seu Consello Escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas función por delegación do Consello Escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto neste decreto, no plan de convivencia e nas normas de convivencia de cada centro.

COMPOÑENTES

Miriam Pardo Moure	Mestra
Leticia López Vázquez	Reprs. Pais/Nais

O réxime de funcionamento, composición e desenvolvemento das función da comisión de convivencia de cada centro docente concretarase no plan de convivencia, de conformidade co establecido para os órganos Colexiados na lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia e, en todo caso, manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos unha terceira parte dos seus membros.

3.1.2.-COMISIÓN ECONÓMICA

DECRETO 374/1996, de 17 de octubre, por el que se aprueba el Reglamento orgánico de las escuelas de educación infantil y los colegios de educación primaria.

Art. 44 No seo do consello escolar existirá unha comisión económica integrada polo director, un mestre, un pai de alumno e o secretario, de existir este no centro. Así mesmo, poderán constituirse outras comisións para asuntos específicos, nas que estarán presentes, polo menos un mestre e un pai de alumno.

COMPOÑENTES

M ^a Emilia Guerra Fernández	Presidenta
M ^a Elena Busto Galego	Secretaria
Juán José Figueirido García	Profesor
Teresa Vázquez Abalde	Representante Pais/Nais

3.2.- CLAUSTRO

O Claustro reunirase trimestralmente en sesión ordinaria e cantas veces sexa preciso, convocado pola Dirección ou a petición dun terzo dos seus membros.

ED. INFANTIL

APOIO	María D. Alonso Fachado
4º EI	Miriam Pardo Moure
5º EI	Adela Pereiro Veiga
6º EI	Ana Vilas García
ED.PRIMARIA	
1º EP	Mª Elena Busto Galego
2º EP	Mª Emilia Guerra Fernández
3º EP	Noelia Fiaño Bestilleiro
4º EP	Cristina Sánchez Fernández
5º A EP	Mª Teresa Estrada Zurrón
5º B EP	Josefa Martínez Álvarez
6º EP	Xoán Carlos Albarelos Codesido
APOIO EP	Lucía Precedo No
ESPECIALISTAS	
EF	Xosé Anxo Fernández Otero/José Manuel Sueiro Vázquez (sustituto)
Música	MªRosario Romero Leis/ Manuel del Rey Seijas (sustituto)
Inglés	Juán José Figueirido García / Amelia Mª Martínez Ríos (desplazada)
PT	Rosa Mª Delgado Fontáns
AL	Mª Consuelo Ramonde López
RC	Teresa Garabal Sánchez
Orientación	Mª Julia López Díaz

As súas competencias están reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación (LOE) texto consolidado e na Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

4.- PLAN XERAL

Faise en base aos criterios e directrices fixados previamente polo Consello Escolar e ás achegas do Claustro de profesores, procurando garantir o desenvolvemento coordinado de todas as súas actividades, e o correcto exercicio das competencias dos distintos órganos de goberno, e a participación de tódolos Sectores da Comunidade Educativa.

4.1.- OBXECTIVOS XERAIS

- Desenvolver o plan de traballo para cada un dos distintos órganos do centro escolar.
- Aplicar as Normas de Organización e Funcionamento do centro.
- Fomentar a coordinación.
- Fomentar o bo uso e coidado do material didáctico, escolar, instalacións do centro.
- Desenvolver actitudes respetuosas e solidarias entre todos os membros da Comunidade Escolar.
- Implicar ás familias de forma activa e participativa na formación e en todos os demais aspectos educativos do alumnado do noso centro.
- Manter unha colaboración real e efectiva entre o centro, ANPA e Concello.
- Desenvolver as propostas de mellora elaboradas a partir das experiencias do curso anterior.
- Asumir unas directrices pedagóxicas para o centro escolar.
- Potenciar a autonomía persoal.
- Impulsar a autoconfianza e a autoestima.
- Fomentar o espírito crítico ante información e opinión, aplicando criterios propios e razoados.
- Fomentar o uso da lectura como medio de formación e lecer.
- Desenvolver o ensino-aprendizaxe partindo do medio no que se desenvolve o alumnado.
- Contribuír na medida das súas posibilidades á defensa e conservación do medio ambiente.
- Uso de novas tecnoloxías.
- Incidir mediante a información e a explicación argumentada e científica, na comunidade educativa (alumnado, profesorado, persoal non docente e familias) para vencer prexuízos cara ao galego e para promover actitudes favorables á galeguización da escola.

4.2.- ACTIVIDADES XERAIS

Para conseguir os obxectivos xerais propostos, programáronse distintas actividades ao longo do curso, destacando as seguintes:

- Reunións frecuentes de profesorado, pais, ...
- Realización de actividades de colaboración.
- Fomento do uso da Biblioteca.
- Realización de actividades que fomenten a axuda, colaboración e cooperación, rexeitando calquera discriminación.
- Respeto ao Medio Ambiente.
- Utilización de novas tecnoloxías como recurso e reforzo didáctico.

5.- COMUNIDADE EDUCATIVA

5.1.- FAMILIA

Adxudicámoslle á familia un papel educador de primeira orde. Para a formación integral do alumnado é imprescindible que os/as pais/nais ou tutores, ben sexa directamente ou ben a través da ANPA, colaboren co centro escolar nunha serie de facetas que só eles poden acometer. Esta colaboración pedímola sobre todo, nos seguintes aspectos:

1. Controlar a regularidade da asistencia a clase, coidando así mesmo a puntualidade, a hixiene e a dotación do material necesario para a realización das tarefas escolares.
2. Estar en contacto co profesorado para o intercambio de información relacionada co ambiente escolar.
3. Apoiar na casa as orientacións do Centro para acadar así os mellores resultados posibles.

5.2.- PROFESORADO

AULA	ED. INFANTIL	ALUMNADO
APOIO	MARÍA DOLORES ALONSO FACHADO	
4º EI	MIRIAM PARDO MOURE	19
5º EI	ADELA PEREIRO VEIGA	25
6º EI	ANA VILAS GARCÍA	23

AULA	ED. PRIMARIA	ALUMNADO
1º EP	Mª ELENA BUSTO GALEGO	25
2º EP	Mª EMILIA GUERRA FERNÁNDEZ	25
3º EP	NOELIA FIAÑO BESTILLEIRO	24
4º EP	CRISTINA SÁNCHEZ FERNÁNDEZ	22
5º A EP	Mª TERESA ESTRADA ZURRÓN	17
5º B EP	JOSEFA MARTÍNEZ ÁLVAREZ	18
6º EP	XOÁN CARLOS ALBARELLOS CODESIDO	25

	ESPECIALISTAS
INGLÉS	JUAN JOSÉ FIGUEIRIDO GARCÍA
INGLÉS	Mª AMELIA MARTÍNEZ RIOS (desprazada por falta de horario)
PT	ROSA Mª DELGADO FONTÁNS
AL	Mª CONSUELO RAMONDE LÓPEZ
OR	Mª JULIA LÓPEZ DÍAZ
RC	TERESA GARABAL SÁNCHEZ
MU	Mª ROSARIO ROMERO LEIS- MANUEL DEL REY SEIJAS (sustituto)
EF	XOSÉ ANXO FERNÁNDEZ OTERO /JOSÉ MANUEL SUEIRO VÁZQUEZ (sustituto)
APOIO EP	LUCÍA PRECEDO NO

5.3.- ALUMNADO

Os criterios a seguir no agrupamento do alumnado na aula e nivel son os seguintes:

- Idade.
- Equidade de xénero.
- Equilibrio no nivel académico.
- Equilibrio no reparto do alumnado que pode presentar problemas de conduta.
- Equilibrio na distribución do alumnado que presente NEAE.
- Distribución equitativa no caso de alumnado repetidor.
- No caso de xemelgos teranse en conta as preferencias dos proxenitores.

5.3.- PERSOAL NON DOCENTE

O persoal non docente deste Centro está composto por:

Conserxe:	Marcos Gómez Zas
Servizo de limpeza:	Dorinda Vázquez Illodo (tarde de 14:30 a 19:30)

5.4.- ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS/AS

Actividade de Robótica.

Este curso académico por iniciativa da ANPA na escola vaise realizar novamente o proxecto A Cidade Intelixente. A actividade desenvólvese en horario lectivo e ten unha duración de 45 horas.

A actividade será realizada por especialistas na materia en quendas na aula de informática 1º, 2º, 3º, 4º, 5º A, 5ºB e 6ºA nas propias aulas aproveitando os equipos Abalar. O alumnado estará acompañado polo seu profesor-titor. A través de metodoloxías como a robótica e o deseño 3D e o traballo en equipo do alumnado vai coñecendo e poñendo en valor o seu contorno máis inmediato. Un contorno que no caso do Ceip Raiña Fabiola é especialmente acaído. Trátase dun barrio onde conviven a cidade histórica de Santiago, un contorno natural do río Sarela, estruturas tradicionais e o propio edificio da escola, considerado ben de interese arquitectónico.

1.Cidade intelixente

Unha cidade intelixente é aquela que empregando diferentes recursos, entre eles a tecnoloxía, inventa solucións para mellorar a produción e distribución de enerxía, xestionar residuos dun xeito mais limpo, reducir o consumo de enerxía, organizar mellor o tráfico... Son cidades que apostan por mellorar a vida dos seus habitantes e, a súa vez, ser sostibles.

O propósito final dunha Smart City é acadar unha xestión eficiente en todas as áreas da cidade (urbanismo, infraestructuras, transporte, servicios, educación, sanidade, seguridade pública, enerxía, etcétera),

Como cada vez viven máis persoas nas cidades consumen mais enerxía e aumenta a contaminación, polo que os gobernos teñen que buscar solucións para reducir o consumo e as emisións de CO2.

Elementos que podemos atopar nunha cidade intelixente:

- Producción de enerxía renovable e non contaminante (Solar e eólica por exemplo).
- Vehículos non contaminantes (eléctricos).
- Sistemas intelixentes de aforro de electricidade, por exemplo apagado automático das luces cando a propia luz do día as fai innecesarias.
- Vehículos autónomos que ao non precisar conductor non hai que aparcalos cerca.
- Sistemas automáticos que de xeito intelixente controlan semáforos, barreiras, etc.
- Medidores de niveis de contaminación de gases e acústica.

2.Marco pedagógico

Traballando COMPETENCIAS, traballando por proxectos.

O traballo por competencias en educación baséase na búsqueda dun aprendizaxe significativo, que prepare ao alumno para a vida. Trátase non só de transmitir ferramenta fundamental. Este enfoque pedagógico está cada vez máis extendido nos centros educativos.

A actual ley educativa (LOMLOE) establece oito competencias básicas en lugar das 7 anteriores:

1. En comunicación lingüística: consiste en identificar, comprender e expresar ideas, opinións e sentimentos, tanto oralmente coma por escrito, a través de soportes audiovisuais e multimodais en diferentes contextos e con distintos fins.
2. Plurilingüe: trátase de manexar diversas linguas correcta i eficientemente para o aprendizaxe e a comunicación.
3. Matemática e en ciencia e tecnología (STEM): fai referencia a comprender e transformar o entorno dun modo comprometido, responsable e sostible usando o método científico, o pensamento matemático, a tecnología e as técnicas da enxeñaría.
4. Dixital: radica en facer un uso seguro r responsable das novas tecnoloxías da información e a comunicación, tanto no ámbito educativo como no laboral e social.
5. Persoal, social e de aprender a aprender: das competencias clave da LOMLOE é a relacionada con reflexionar sobre un mesmo, cooperar e interactuar coa xente do oso arredor e favorecer a capacidade de aprendizaxe e crecemento persoal ao longo da vida.
6. Cidadana: refíerese a participar dun modo activo, responsable e cívico no desenvolvemento da sociedade, ademais de fomentar unha cidadanía mundial e adquirir un compromiso coa sostenibilidade.
7. Emprendedora: é a capacidade de identificar as oportunidades e utilizar os coñecementos adquiridos anteriormente para idear procesos que contribúan a alcanzar uns obxectivos preestablecidos ou aportar valor engadido a algo. Ter creatividade e iniciativa. Pasar das ideas a acción.
8. Conciencia e expresión culturais: fundamentase en tener unha actitude crítica, positiva, respetuosa e aierta ao diálogo ante as diferentes manifestacións culturais

e artísticas que existen.

Indicar que se potenciará especialmente o desenvolvemento das competencias 3, 4 e 7.

Por outra banda, un dos recursos pedagóxicos máis eficaces para traballar competencias é o traballo por proxectos. Os proxectos plantexan un problema ou situación próximos a realidade dos alumnos a partir da cal deben levar a cabo un plan de traballo e construír a súa aprendizaxe.

3. Proxecto A cidade intelixente no CEIP Raiña Fabiola

.1 Datos do centro

Ficha Centro Educativo	
Nome	CEIP Raiña Fabiola
Dirección	Rúa Entregaleras S/N 15705 Santiago de Compostela
Aula	Aula de informática
Alumnado	22
Grupos Proxecto	1º a 6º EP
Horario	Coordinar coa dirección
Profesores	1

.2 Descrición breve.

O proxecto A cidade intelixente consiste no desenvolvemento de seis microproxectos (un por cada curso de Primaria), todos eles relacionados co uso da tecnoloxía para contribuir á eficiencia dunha cidade. Estes microproxectos, á súa vez, teñen relación entre sí.

3.3 Metodoloxía

Ideas principais sobre a metodoloxía empregada nas clases

- Competencias que se traballan no proxecto A cidade intelixente:

Ainda que no proxecto se traballan varias competencias que recolle a LOMLOE, destacan especialmente a Competencia Matemática e en ciencia e tecnoloxía (STEM), a Competencia dixital e a Competencia emprendedora

- Traballo en grupo. Permite que o alumnado realice unha cohesión grupal e aprendizaxe mutua, inculcando valores como a axuda, o respecto e a escoita activa, como fonte dunha aprendizaxe significativa. Por tanto, asentando as bases

para o desenvolvemento futuro do alumnado, baseándonos na concepción de “aprender a aprender”, o que lle permitirá a este desenvolverse en todos os ámbitos sociais.

● **Distribución por niveis.** As unidades están adaptadas ás distintas idades e niveis de aprendizaxe. Nunha primeira fase, o rol da profesora como facilitadora da aprendizaxe será máis visible, para de forma paulatina, enfocarse ao alumnado como verdadeiro protagonista do proceso de ensinanza-aprendizaxe concedéndolle unha maior autonomía. Por tanto, o profesorado que dinamiza as unidades convértese en guía da imaxinación, creatividade, construción, xogo e exposición dos proxectos finais.

3.4 Materiais e recursos tecnolóxicos

Tecnoloxías na aula: No proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado utilizaremos diversos recursos tecnolóxicos:

o Kits de robótica: Lego Wedo 1.0.; Robot Edison; Tarxeta Microbit.

o Programación: Scratch 3.0; Python; Visualino; Mblock...

o Deseño e impresión 3D: Tinkercad e impresora 3D.

o Realidade Aumentada: Cospaces e cubo MERGE.

3.5 Calendarización

● **Proposta calendario de actividades.** As actividades de robótica e programación e impresión 3D, para este curso están divididas en microproxectos que serán desenvolvidos polos grupos de Educación Primaria, cun número de horas preestablecidas (5 h/grupo). Esta proposta toma como hipótese a realización das actividades durante unha hora semanal, e toma como referencia o calendario escolar da Xunta de Galicia 2023/2024

1º: 15, 22, 29 de maio e 5 e 12 de xuño

2º: 3, 10, 17 e 24 de abril e 8 de maio

3º: 21, 28 de febreiro e 6, 13 e 20 de marzo

4º: 4, 11, 18, 25 e 8 de novembro

5ºA: 15, 22 e 29 de novembro e 13 e 20 de decembro

5ºB: 15, 22 e 29 de novembro e 13 e 20 de decembro

6º: 10, 17, 24, 31 de xaneiro e 7 de febreiro

CADROS RESUMO DOS MICROPROXECTOS POR CURSO

Proyecto: A Cidade Intelixente

Duración: 5 h/grupo

Centro: Raíña Fabiola

Grupo:	Tecnoloxía	Microproxecto
1º EP (5h)	Lego + Scratch	Barreiras automáticas
2º EP (5h)	Lego + Scratch	Portas automáticas
3º EP (5h)	Microbit + Makecode	Alumeado por sensores de luz
4º EP (5h)	Microbit + Makecode	Detector de niveis contaminación
5º A EP (5h)	Cospaces + Cubo Merge	Maqueta da cidade en 3D
5º B EP (5h)	Cospaces + Cubo Merge	Maqueta da cidade en 3D
6º EP (5h)	Microbit	Vehículo autónomo

Actividades extraescolares.

As actividades extraescolares forman parte da vida ordinaria dun centro educativo. Esta ANPA ten a pretensión de traballar para que a programación das actividades sexa o máis normalizada posible, creando un espazo de seguranza e comodidade nas horas non lectivas. Está

previsto que as actividades comecen o 3 de outubro e rematen en xuño na última semana de curso. Estas actividades, ao igual q ue en anos anteriores, contrátanse á empresa Actex.

O horario das actividades é de 16:00 a 18:00.

Esta é a programación de actividades dirixidas ao noso alumnado:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
XIMNASIO	TEATRO (2º-6º P)	XIMNASIA RITMICA(6º inf-Primaria)	BAILE TRADICIONAL (Infantil-2º P) PINTURA (Infantil -2ºP)	ESCALADA EN ROCÓDROMO (4º-6º) MULTIDEPORTE (Infantil-1ºP)	BAILE TRADICIONAL (3º-6ºP) COCIÑA
PATIO	INCIACIÓN Á PATINAXE (Infantil, 1º e 2º P)	BALLET	PANDEIRETA (Infantil-2ºP) PINTURA (3º-6ºP)	BAILE MODERNO (Infantil- Primaria)	PANDEIRETA (3º-6ºP) COCIÑA

Actividade coñecendo o patrimonio cultural e etnográfico da nosa contorna.

Cos obradoiros de arqueoloxía pretendemos achegar a prehistoria e a historia dunha forma amena con outras temáticas que non asociarían con estas materias. Estimular a curiosidade, a motivación e o interese no alumnado de Educación Primaria. Estas actividades están guiadas por arqueólogos e foron desenvolvidas conxuntamente co Incipit de Santiago de Compostela e a empresa Tictura. Os obxectivos que se perseguen son:

- Achegar a arqueoloxía como ciencia.
- Fomentar as relacións de grupo a través dunha actividade lúdica.
- Potenciar a curiosidade por investigar.
- Concienciar sobre a necesidade de respectar o ambiente.

A actividade deseñada para Primaria chámase Arqueólogos on line. A través dunha secuencia didáctica na que se simula unha excavación arqueolóxica aprenderán as diferentes ferramentas metodolóxicas e a importancia do proceso dunha excavación. Ao final poderán manipular réplicas de pezas arqueolóxicas.

A actividade ten unha duración de 80 minutos aproximadamente.

Actividade coñecendo o patrimonio cultural galego da época do Nadal.

Serán realizadas actividades que estexan vinculadas á nosa tradición da época do Nadal, sempre desde unha perspectiva harmónica coa dinámica habitual de cada aula. Para iso contamos con leituras, charlas, contacontos, etc.

Estas actividades están pensadas fundamentalmente para o alumnado de Infantil durante o mes de decembro.

Charlas de Amig@s do Raiña Fabiola.

Esta actividade consiste en convidar a persoas que teñan algun tipo de vinculación co centro e que a súa vida profesional ou persoal estexa orientada a algunha actividade con especial interés no alumnado. O interesante desta actividade é que os nenos e nenas descubran que dentro do seu contorno social hai persoas que se dedican ao mundo deportivo, artístico, científico, etc. e que llo poden transmitir e valorizar.

A realización das charlas será en horario lectivo durante os meses de novembro a xuño para os grupos de Infantil e Primaria.

Obradoiro sobre a igualdade

Con motivo da celebración do 8-M realizarase un proxecto artístico sobre a igualdade ca artista Ana Gesto.

Participación no Festival Intercentros de Teatro

No mes de maio o alumnado que asiste a actividade extraescolar de teatro participará no festival representando o noso centro coa súa obra.

Excursión a Portugal

No mes de maio a ANPA celebra cas familias unha excursión de dous días a Portugal.

Festival Fin de Curso

Celebrarase un festival en xuño no que os alumnos das actividades extraescolares nos amosarán o aprendido durante o curso.

6.- LIBROS DE TEXTO.

O listado de libros de texto para o curso 2023-24 foi enviado a Inspección Educativa no mes de xuño, tal como ordena a lexislación vixente.

7. – ÓRGANOS DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

7.1.-OBXECTIVOS

- Elaborar a programación didáctica
- Revisar os criterios de avaliación e promoción.
- Colaborar cos distintos equipos do centro.
- Valorar as propostas dos distintos quipos de dinamización e da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Valorar as necesidades de intervención do departamento de orientación co alumnado que presente dificultades de aprendizaxe, adaptación, integración, conduta, etc.
- Realizar as reunións propostas no Plan de Centro.
- Potenciar a coordinación entre o profesorado do ciclo.
- Fomentar a utilización de espazos comúns do centro: Aula de Informática e Biblioteca.
- Informar das normas de convivencia ao alumnado e ás familias.
- Favorecer a convivencia entre o alumnado.
- Fomentar a relación cos pais, nais ou titores legais.
- Recoller as necesidades de material e proceder a súa petición ou compra.
- Solicitar ás editoriais material de apoio para o profesorado.
- Establecer pautas de actuación metodolóxicas co alumnado.
- Propoñer actividades extraescolares e complementarias.

7.2.- SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

0. INTRODUCCIÓN

1. OBXECTIVOS

2. XORNADA ESCOLAR E ESPAZOS

3. METODOLOXÍA

4. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

5. ALUMNADO

6. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

7. PERIODO DE ADAPTACIÓN

8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO

9. PROXECTO LECTOR

10. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN

11. PLAN DE POTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA

0. INTRODUCCIÓN

O segundo ciclo de Educación Infantil comprende nenos e nenas de 3 a 6 anos cunhas características evolutivas e de desenvolvemento particulares que condicionan os procesos de aprendizaxe e que hai que ter en conta á hora de programar o currículo.

As características psicoevolutivas dos nenos/as destas idades son:

– A celeridade dos avances deste ciclo, que se manifesta tanto dende o punto de vista cognitivo, como físico, comunicativo, de destrezas e habilidades, de socialización e afectividade. A destacar a capacidade de simbolización e a de intuición; ambas preceden e son compoñentes do que se denomina intelixencia preoperacional e período concreto. A concreción ven determinada pola necesidade sentida polo neno de experimentar sensorialmente a realidade e pola necesidade de relación corporal e de comunicación ca mesma.

– A necesidade que teñen as nenas e nenos de E.I. de poder experimentar o que teñen que aprender implica que a realidade estea próxima xa que esta experimentación é o soporte dos seus esquemas mentais e da percepción unitaria e global desta realidade.

- Dende o punto de vista da aprendizaxe, o pensamento do neno/a é sincrético, é dicir, capta primeiro o conxunto para poder acceder ás partes. O sincretismo do pensamento infantil obriga a respectar o enfoque globalizador de todas as propostas de aprendizaxe.

Debemos facilitar aos nenos/as experiencias ricas en posibilidades, encontros múltiples que lle permitan manifestar toda clase de sentimentos, emocións, intereses e motivacións, nas que o xogo sexa o instrumento privilexiado para o desenvolvemento de todas as capacidades.

Os rasgos destacados son bastante comúns, pero os mestres/as esforzámonos en coñecer individualmente a cada un dos nosos alumnos/as, pois do momento evolutivo no que se atopan dependerá un plantexamento didáctico ou outro na aula para acadar os **obxectivos** propostos neste segundo ciclo de Educación Infantil.

O Equipo docente do ciclo de Infantil do CEIP Raíña Fabiola está formado por:

AULA	COMPOÑENTES
APOIO	MARÍA DOLORES ALONSO FACHADO
4º EI	MIRIAM PARDO MOURE
5º EI	ADELA PEREIRO VEIGA (coordinadora)
6º EI	ANA VILAS GARCÍA
INGLÉS	LUCÍA PRECEDO NO
MÚSICA	M ^a ROSARIO ROMERO LEIS/ MANUEL DEL REY SEIJAS (sustituto)
PT	ROSA M ^a DELGADO FONTÁNS
AL	M ^a CONSUELO RAMONDE LÓPEZ
RC	TERESA GARABAL SÁNCHEZ
OR	M ^a JULIA LÓPEZ DÍAZ

1. OBXECTIVOS

OBXECTIVOS DOCENTES

- Realizar reunións periódicas de ciclo para mellorar as vías de traballo e coordinación.
- Participar nos distintos mecanismos de convivencia no centro, como os programas de mediación, convivencia escolar, actividades establecidas polos diferentes equipos pedagóxicos para a mellora da acción pedagóxica...
- Continuar participando de forma activa na formación que cada quen escolla a título individual polas canles que estime oportunas como profesional da educación, nos grupos de traballo do centro de ser o caso, en diferentes propostas que se leven a cabo... etc.
- Empregar de xeito dinamizador os espazos, tempos e recursos para desenvolver as distintas metodoloxías de traballo.

OBXECTIVOS PARA O PROFESORADO

- Establecer relacións de coordinación entre os distintos ciclos do centro, en especial co primeiro ciclo de Primaria, facilitando unha correcta transición á nova etapa, tranquila e respectuosa, así como levar ao cabo reunións de ciclo e interetapa para poder dar continuidade a devandita coordinación.
- Levar ao cabo propostas de traballo dentro da aula encamiñadas a acción tutorial.
- Traballar de xeito activo nas diferentes metodoloxías de traballo por proxectos ou aqueloutras que se estimen oportunas para o desenvolvemento competencial do alumnado e do propio mestrado.

OBXECTIVOS PARA CO ALUMNADO e as COMPETENCIAS CLAVE

Respecto aos obxectivos para co alumnado, o Equipo de Educación Infantil tomará as medidas necesarias para desenvolver os obxectivos xerais do currículo segundo a **ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.**

Artigo 7. Obxectivos da etapa

A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Artigo 8. Competencias clave

No anexo I establécense as competencias clave da etapa, que son as seguintes:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).

f) Competencia cidadá (CC).

g) Competencia emprendedora (CE).

h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

A organización da concreción curricular levarase á cabo por áreas, como establece o apartado que versa sobre ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO, como así dicta o CAPITULO I.

Segundo o Artigo 13 que fala sobre a Concreción curricular:

1. A concreción curricular para o segundo ciclo da etapa é o marco que establece o claustro de profesorado cos criterios e as decisións para orientar o desenvolvemento do currículo por parte do profesorado e a coordinación interdisciplinar por parte dos órganos de coordinación didáctica, para garantir a coherencia na actuación docente.

2. A concreción curricular para o segundo ciclo da etapa **incluírá, como mínimo:**

a) A adecuación dos obxectivos da etapa ao contexto do centro.

b) A contribución á adquisición das competencias.

c) Os criterios para incorporar elementos transversais.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos.

f) Os criterios para o deseño das actividades complementarias.

g) Os criterios xerais para a avaliación.

h) As decisións e os criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas.

i) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.

j) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular.

Respecto á organización, e segundo o Artigo 9,

Áreas e estrutura das áreas

1. **As ensinanzas de educación infantil organízanse en áreas** correspondentes a ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil.

2. As áreas da educación infantil son as seguintes:

a) Comunicación e Representación da Realidade.

b) Crecemento en Harmonía.

c) Descubrimento e Exploración da Contorna.

Artigo 10. Estrutura das áreas

1. **A organización en áreas** desenvólvese no anexo II seguindo, respecto de cada área, a seguinte estrutura:

a) Introducción.

b) Obxectivos, que serán comúns para os dous ciclos da etapa.

c) Criterios de avaliación e contidos, organizados en bloques para cada un dos ciclos da etapa.

d) Orientacións pedagóxicas.

2. XORNADA ESCOLAR E ESPAZOS

Para artellar a xornada escolar, na etapa de Educación Infantil, hai que ter en conta, e debido a singularidade do alumnado, unha serie de puntos que detallaremos a continuación.

Os horarios de Educación Infantil, desenvólvense e axustaranse ao marcado no decreto 374, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento das escolas de educación infantil dos colexios de educación primaria, no seu capítulo V. Ademais buscarase levar a cabo unha coherencia educativa e axustaranse as áreas globalizadas as distintas situacións que se dan nas aulas.

Comprendemos que todo espazo dentro do centro ten valor educativo, podéndose realizar diversas tarefas pedagóxicas no interior das aulas ou noutros lugares de igual relevancia no proceso de ensino – aprendizaxe, incluso os corredores, e o patio como puntos pedagóxicos para dinamizar as sesións das distintas áreas a través do momento e a vivenciación que son tan necesarias a nivel de neurodesenvolvemento na infancia, ademáis do ximnasio, a aula de música ou a biblioteca do centro.

- O PATIO “O RECREO”

Tal como se recolle no decreto 374, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, no seu capítulo IV punto 4.5. “... Na educación infantil programárase ademais segmentos de lecer, con actividades ou xogos dirixidos, en períodos que globalmente non superen os 30 minutos.”, e en base ao novo curriculum da Educación Infantil, Decreto 150/2022.

Entendendo que todos os espazos na escola infantil son potencialmente educativos, pretendemos conceder ao espazo exterior a importancia que ten. As actividades que podemos levar a cabo, o tempo que permanecemos nel, os modos de interacción que permite e potencia, convérteo nun escenario de crecemento e desenvolvemento para os nenos e nenas e de observación para os educadores.

O curriculum da educación infantil marca xa a importancia que ten o medio natural, social, a contorna, os diferentes contextos, a interacción constante do nena/o con todo isto, para acadar as súas aprendizaxes.

Nesta área de coñecemento e experiencia preténdese que as nenas e os nenos descubran, coñezan e comprendan -segundo as súas posibilidades- os aspectos que conforman a realidade, considerando as súas múltiples relacións e interdependencias, coa finalidade de ir construíndo un coñecemento sobre o medio físico, natural e social cada vez máis axustado.

O medio é un todo integrado, onde os elementos naturais e culturais se relacionan e se inflúen mutuamente. É importante que a nena e o neno, ademais de identificar os distintos elementos que conforman o medio, vaian descubrindo e comprendendo progresivamente as relacións entre os distintos obxectos, fenómenos e feitos.”

Para contribuír ao coñecemento propio e á autonomía persoal, convén promover o xogo como actividade privilexiada que integra a acción coas emocións e mais o pensamento e favorece o desenvolvemento social.

Na distribución do espazo preverase que o alumnado dispoña de lugares propios e de uso común para compartir, para estar sos e para xogar e para relacionarse cos demais; espazos para actividades que requiran unha certa concentración e espazos amplos que faciliten o movemento. A persoa docente preverá as distintas situacións xerando un ambiente físico de aprendizaxe grato, afectivamente significativo e esteticamente agradable que lle permita ao alumnado sentirse cómodo, seguro e acollido.

Entendendo a escola de educación infantil como formativa, aberta ao medio, compensadora, socializadora e científica, tendo en conta os diferentes elementos do curriculum e adaptándoo ao contexto e ao grupo clase, polo que o PATIO debe ser planificado como un espazo máis dentro da nosa escola.

OBXECTIVOS

Neste curso traballaremos obxectivos non acadados nos cursos anteriores e avanzaremos nos que se acadaron.

Obxectivos a traballar:

- Adecuar o propio comportamento ás necesidades e requirimentos das outras persoas, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración e ademais evitando a adopción de comportamentos de submisión ou dominio.
- Relacionarse coas demais persoas de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.
- Comprender a intencionalidade comunicativa doutras nenas e doutros nenos, así como das persoas adultas.
- Interesarse por participar nas diferentes actividades con iniciativa e progresiva autonomía, regulando o propio comportamento para camiñar á resolución pacífica de conflitos.

- Xerar habilidades sociais para a resolución de conflitos usando a mediación como elemento socializador.
- Tomar iniciativa, planificar e secuenciar a propia acción para resolver problemas da vida cotiá aceptando pequenas frustracións e manifestando una actitude tendente a superar dificultades, reforzando o sentimento de autoconfianza e sendo quen de pedir axuda.
- Valorar a axuda doutras persoas.
- Previr accidentes e evitar situación de riscos.
- Coñecer diferentes xogos tradicionais e gozar xogando.
- Colaborar no mantemento de espazos limpos ordenados coidando o material e o equipamento
- Xerar responsabilidade entre o alumnado de maior idade, en relación co obxectivo anterior.
- **Obxectivos a acadar:**
Coñecer a figura do mediador (neno ou adulto), como intermediario para a resolución pacífica de conflitos.

TEMPORALIZACIÓN

Se o recreo é un tempo de xogo, traballo, observación, actividades variadas temos que plantexarnos o concepto de recreo como algo ilimitado, e que se desenvolve no tempo de modos diversos, adaptándonos á lexislación vixente.

Para a organización dos tempos teremos en conta:

- Responder ás necesidades e ritmos de cada idade e grupos.
- Valorar o proceso polo que é preciso un tempo para adecuarse, experimentar de xeito autónomo e chegar a conclusións.
- Non limitar o patio a un tempo pechado senón respectando os ritmos dos diferentes grupos, utilizándoo tanto de xeito independente por un grupo ou varios.
- Adecuar o uso do patio ás diferentes épocas e situacións climáticas alargando ou acurtando a estancia segundo as circunstancias.
- Adecuar os tempos, as actividades e o interese que estas poidan xerar.

O patio que queremos e desexamos:

DISTRIBUCIÓN IDEAL DO ESPAZO QUE QUEREMOS IR CAMBIANDO.

♿ **Zona de xogos móbiles / PSICOMOTRICIDADE.** O espazo será amplo e, aos poucos, preparado. Aquí as familias poderían ter moita importancia, donando ao patio xogos vellos e dándolles un segundo uso.

🗨️ **Zona de xogo simbólico.** A apartación de xoguetes tamén é importante, pódese variar por trimestres, o tipo de xogo, a casina, as tendas, os disfraces... Poderíase pensar aos poucos en crear zonas simbólicas feitas de madeira e/ ou material de refugallo.

🏠 **Zona de estruturas** fixas e de xogo libre en distintos bloques permanentes que forman parte da estrutura do noso patio. Sería importante empezar a pensar o deseño dun patio alternativo con estruturas novas que potencien a motricidade e o enxeño/ creatividade

🗨️ **Zona de xogos populares.** Mariola, a pita cega, a corda, a goma...

☂️ **Zona de espazo cuberto,** necesario para os días de choiva, onde poderíamos realizar actividades como, monicreques, bailes...

✦ **Zona de experiencias / mundo natural:** onde haxa hotel de bechos, casa de paxaros, estanque, zona musical, sensorial, de recollida de auga, de información meteorolóxica (cataventos, ...)

🕊️ **Zona de paz e linguaxe,** crear una zona para a resolución pacífica de conflitos, traballando a figura do mediador. A zona das árbores, con pizarras, asentos de madeira a modo de asemblea, sería un punto moi importante de calma e diálogo social.

EQUIPAMENTO E MATERIAIS.

Poden e deben ser moi variados, coidando sempre a seguridade dos mesmos, estar homologados, sen arestas, sen achas, de tamaño e dificultade proporcionado á idade, forte, resistente e adecuado ás diferentes zonas de xogo.

AVALIACIÓN

Como parte do proxecto educativo pretendemos analizar, orientar e modificar na medida que sexa preciso a nosa planificación, para iso analizaremos aspectos como:

- O cumprimento dos obxectivos.
- Adecuación dos espazos.
- Definición dos espazos.
- Interacción social...
- Adecuación dos materiais.
- A resolución de conflitos . Coñecemento da figura do mediador e as súas funcións.
- Conflitos mais comúns e tipo de solucións. ...
- Funcionamento das diferentes zonas de xogo.

3. METODOLOXÍA

- 3.1. Basearase nas experiencias, nas actividades e no xogo nun ambiente de afecto e confianza para potenciar a autoestima e a integración social , de xeito globalizado e respectando os diferentes ritmos tanto das características do alumnado como das actividades, xogos e descansos, de xeito que o horario estea ao servizo da metodoloxía.
- 3.2. Nesta etapa primará a aprendizaxe por descubrimento e a potenciación das intelixencias múltiples e fortalezas de cada alumna/o, sendo estas as que cada mestre deberá ponderar de xeito equilibrado, xa que rexen o esquema de aprendizaxe individual do alumnado. Isto permite respectar os tempos e os ritmos de aprendizaxe nesta etapa educativa e individualizar o ensino-aprendizaxe. A propia metodoloxía será un mecanismo de detección, prevención e apoio nas necesidades educativas puntuais ou permanentes (NEAES) das que o Departamento de orientación debe ser observador activo xunto ás titoras para unha correcta Atención Temperá, dotando de recursos humanos ao alumnado de Infantil de xeito preventivo e/ou seguindo os diagnósticos establecidos de cursos anteriores (na medida dos escasos horarios que as compañeiras de AL e PT teñen). Reivindicamos a necesidade da persoa AL no centro xa que a pandemia deixou carencias significativas polo uso da mascarilla e da restricción social. Estas circunstancias trouxeron como consecuencia xeracións de alumnado con necesidades de linguaxe á nivel de expresión, relación e comprensión, tanto na fala coma na escrita nesta etapa e tamén nas posteriores.

4. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- 4.1. Os materiais axeitaranse aos tipos de contidos, as características e necesidades específicas de cada contexto educativo así como ás individuais do alumnado.
- 4.2. É importante que sexa variado e que ofrezca múltiples posibilidades de emprego así como diferentes graos de uso, e que esperte interese por exploralo e experimentar.
- 4.3. Destacamos que o actual Decreto 150/2022 marca como competencia a STEAM, pero os recursos TIC no noso centro son limitados para propoñernos o reto de “aulas de infantil tecnolóxicas”, polo que cremos que non só as dotacións dos centros, senón tamén a XUNTA de GALICIA, debe proporcionar investimento IPADs/tablets , material de robótica, impresoras 3D e outros, para poder desenvolver a planificación de actividades e para poder ofertar maior diversificación de propostas ao alumnado, en especial ao alumnado de **NEAEs**.

5. ALUMNADO

Número de alumnos por nivel:

4º nivel (3 anos)19

5º nivel (4 anos) 25

6º nivel (5 anos) 23

Total de alumnos de Educación Infantil 67

O elevado número de alumnas/os por aula dificulta moito a atención individualizada; ademais, o espazo faise escaso para os nenos e nenas desta idade polas necesidades específicas de movemento.

A maiores, obsérvase cada vez unha menor autonomía persoal que leva a unha maior dependencia dos adultos, sobre todo o primeiro ano, e incluso no inicio do segundo.

A nivel xeral, aprécianse disfuncións na linguaxe oral; probablemente debidas á inmadurez e como comentábamos, polo rastro de deficiencias sociolingüísticas xeradas pola pandemia. A visita periódica ás aulas da orientadora permitirá pautar accións de atención temperá e de anticipación de dificultades.

OBXECTIVOS E PLAN DE TRABALLO en 3, 4 e 5 anos COMO FÍO CONDUCTOR DA ETAPA

Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferencias.

Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.

Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene e a alimentación.

Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.

Desenvolver as súas capacidades afectivas.

Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.

Desenvolver habilidades comunicativas nas diferentes linguaxes e formas de expresión.

Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e á escritura como medio de comunicación, información e gozo.

Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.

Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

Participar no desenvolvemento das distintas actividades propostas polos distintos equipos de traballo: EDLG, Biblioteca, TIC.

Realizar unha reunión coas familias ao comezo do curso e todas as que se consideren oportunas ao longo do mesmo.

Conquerir unha maior implicación das familias para lograr que o proceso de ensino-aprendizaxe sexa mellor.

6. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A educación infantil acada o seu pleno sentido nun marco de colaboración e coordinación entre os elementos que inciden no proceso educativo das nenas e dos nenos: o equipo docente, as familias e a contorna.

Respecto á apertura á contorna, planificaranse tanto saídas como visitas de membros da comunidade educativa que axuden a aportar a súa experiencia nos diversos campos e áreas da tarefa pedagóxica planificada pola titora.

Preténdese favorecer o proceso de descubrimento e representación dos diferentes contextos que compoñen o contorno do alumnado facilitando a súa inserción participativa e potenciando a súa competencia social. Estas aprendizaxes levaranse a cabo na interacción constante das nenas e dos nenos ca contorna social e natural, polo que é necesario abrir a escola ao medio nun ambiente educativo que estimule a súa curiosidade, incluíndo a participación das familias.

Segundo a lexislación vixente e segundo o calendario escolar actual, levaranse a cabo os días de obrigada conmemoración e outras actividades complementarias/ conmemoracións de calendario pedagóxico que determinará o ciclo ou lle sexan suxeridas dende os equipos pedagóxicos do centro:

1º Trimestre: O Magosto, o Samaín, o Nadal e aquelas outras que os equipos pedagóxicos estimen convintes.

2º Trimestre Día da Paz, Festa do Entroido e aquelas outras que os equipos pedagóxicos estimen convintes.

3º Trimestre Semana Multicultural, Semana das Letras Galegas, Día mundial do Medio Ambiente e aquelas outras que os equipos pedagóxicos estimen convenientes.

Ademáis de participar en todas as actividades que se programen no centro por parte do equipo de actividades complementarias, normalización lingüística, horta escolar e biblioteca (Samaín, Magosto, Nadal,...), realizaranse aquelas que se consideren máis axeitadas entre as que se vaian ofertando ao longo do curso: Galicreques, Museos, Exposicións, Concertos didácticos, campañas de fomento da lectura. Tamén se realizarán saídas didácticas relacionadas cos

proxectos que se estean a traballar en cada aula ou de forma conxunta: Museos científicos de A Coruña, acuario, parques de Compostela, visita á catedral de Santiago e á cidade vella, roteiros polo Sarela, servizos públicos do barrio ou da cidade, visita á casa de Rosalía a unha granxa-escola (este curso será a do Fervenza do Toxa). Este itinerario de actividades extraescolares está deseñado tendo en conta os lugares máis importantes de Compostela en canto espazos exteriores, museos, centros artísticos e científicos, como aquelas outras de fora do Concello que sexan de relevancia ou necesidade pedagóxica puntual.

7. PERIODO DE ADAPTACIÓN

En canto á relación coas familias é necesaria unha boa comunicación e coordinación xa que a eficacia da educación infantil depende, en gran medida, da unidade de criterios educativos na casa e na escola e dun entendemento común entre adultos que velan polo desenvolvemento holístico do alumnado. O papel da mestra é facer de guía, orientadora e facilitadora de ferramentas psicosociais na acción titorial implícitas no seu rol profesional e na súa bagaxe formativo-profesional.

Realizaremos o Período de Adaptación, tal e como se recolle na *Orde do 30 de maio de 2023 pola que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa. Artigo 4º.- Período de adaptación.*

Así, o primeiro contacto de familia – escola realizouse conforme ao establecido no Centro e tendo en conta o Calendario Escolar para o presente curso. O cadro para a incorporación graduada foi o seguinte:

ORGANIZACIÓN DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN

	1ª QUENDA	Tramo horario	2ª QUENDA	Tramo horario
LUNS 11 (1h.)	GRUPO A	9.15-10:15	GRUPO B	10:40-11:40
MARTES 12 (1h.)	GRUPO A	10:40-11:40	GRUPO B	9:15-10:45
MÉRCORES13 (1:30h.)	GRUPO B	9:10-10:40	GRUPO A	11-12:30
XOVES 14	Todos xuntos de 9:10 ata ás 11:45			
VENRES 15	Todos xuntos de 8:55/9 ata ás 12:30(con auga e merenda na mocchila)			

A partir do luns 18 de setembro xornada completa de 8:50 a 13.50 h.

Destacamos a importancia, tal e como se fixo ao longo destes anos, da entrega do *Libro de adaptación ou vinculación* ás familias ao final de xuño ou principio de xullo, antes do verán no que o novo alumnado vaia entrar na escola, pois achega a primeira acción tutorial e de orientación da escola para o primeiro contacto co novo centro educativo.

Sería moi positivo de cara outros cursos, que o Departamento de Orientación creara ou aportara tamén ideas e consellos a ter en conta por e para toda a comunidade escolar.

8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO

Na nosa intervención educativa recolleamos como principio, a diversidade do alumnado, adaptando a práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo das nenas/nenos dada a importancia que nestas idades adquiren o ritmo e o proceso de maduración.

Será necesario identificar as características que poidan ter incidencia na evolución escolar do alumnado para dar a resposta educativa axeitada e atención á diversidade. Así, o centro adoptará as medidas oportunas dirixidas ao alumnado que presente necesidades específicas de

apoio educativo e adaptarase ás súas características e necesidades persoais, segundo a lexislación vixente, aos criterios aprobados no Plan de Atención á Diversidade do centro e os acordos tomados no ciclo.

Entendemos a importancia, de traballar e afrontar as necesidades do alumnado dende os cursos máis baixos, non só de cara á prevención, senón tamén de cara á entrada na educación primaria, axilizando no posible con celeridade toda a burocracia e probas de carácter psicopedagóxico que emanen do centro dende o D.O dirixido a especialistas externos xa que neste impás temporal é onde detectamos que se perde moito tempo para resolver certos casos de necesidade inminente (aínda que entendemos a tesitura de demandas ao D.O).

Pídese na medida do posible que, na etapa de Educación Infantil (3, 4, 5 anos) sexan avaliados os alumnos con NEAE canto antes prestándolles así o apoio preciso e axeitado dentro das aulas, evitando dificultades de aprendizaxe e necesidades futuras de índole diversa.

Seguimos considerando moi importante e esencial, o obradoiro de estimulación da linguaxe por parte das especialistas de A.L. nos 3 niveis, como medida de prevención para futuras problemáticas, aínda que somos plenamente coñecedoras de que a demanda importante de alumnado de NEAEs e outras dificultades de aprendizaxe do noso centro llelo impiden.

9. PROXECTO LECTOR

A potenciación do hábito lector é fundamental nas primeiras etapas do desenvolvemento dun neno. Por iso, en Infantil, o contacto coa lectura, ou con actividades propias de animación a esta desenvólvense ao longo de toda a xornada. Ocorre deste xeito un pouco, como á hora do patio do recreo: non limitar o proxecto lector, o hábito lector, a un tempo pechado senón respectando os ritmos dos diferentes grupos e da programación docente na aproximación á lectura.

Das áreas que comprenden a Educación infantil, é na área de Linguaxes: Comunicación e Representación onde se recolle de maneira explícita o tratamento que se debe dar á lectura nesta etapa.

Na Educación infantil preténdese que:

- ✓ Os nenos e nenas descubran e exploren os usos da lectura e a escritura, espertando e afixando o seu interese por eles.
- ✓ Se lle dea unha utilización funcional e significativa á lectura e á escritura na aula.
- ✓ Que os nosos alumnos comprendan, reproduzan e recreen textos literarios.
- ✓ Potenciar un taller de estimulación da linguaxe nas aulas, por parte da especialista de A.L. E ademais dar pautas ao profesorado dende 3 anos, xa que se reduce á larga a súa intervención nas dificultades serias, e quedarían atendidas outras máis liviás da aula, que están a quedar sen atender debido ao horario saturado das especialistas.
- ✓ Ademais, o real decreto sinala que é preciso tamén un acercamento á literatura infantil (constituíndo un bloque de contidos) a partir de textos comprensibles e accesibles para que esta iniciación literaria sexa fonte de gozo, de diversión e de xogo.

Especifica **contidos** como os seguintes:

- ✓ escoita e comprensión de contos, relatos, lendas, poesías, rimas ou adiviñas, tanto tradicionais como contemporáneas, como fonte de pracer e de aprendizaxe.
- ✓ Recitado de algúns textos de carácter poético, de tradición cultural ou de autor.
- ✓ Participación creativa en xogos lingüísticos para divertirse e para aprender.
- ✓ Dramatización de textos literarios e goce e interese por expresarse con axuda de recursos extralingüísticos.
- ✓ Interese por compartir interpretacións, sensacións e emocións provocadas polas producións literarias.
- ✓ Utilización da biblioteca con respecto e coidado.
- ✓ Valoración da biblioteca como recurso informativo de entretemento e goce.
- ✓ Estimulación da linguaxe oral.

ACTIVIDADES

As actividades levadas a cabo teñen dúas intencións: por un lado o desenvolvemento da expresión oral, e por outro o pracer pola lectura.

Exemplos de actividades serían:

- ✓ Audición de contos tradicionais.
- ✓ Recuncho das letras: Este recuncho vai adquirindo máis interese a medida que os nenos/as se fan maiores. A través de diferentes actividades o alumno/a discrimina, selecciona, clasifica e asocia vocabulario propio dos proxectos e centros de interese traballados.
- ✓ Elaboración de libros de imaxes.
- ✓ Elaboración de libros de experiencias.
- ✓ Xogos de construír nomes.
- ✓ Dramatización de pequenas obras e contos.
- ✓ Xogos didácticos.

10. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN

Será global, continua e formativa. A observación directa e sistemática será a técnica principal neste proceso, parte esencial do currículo da etapa.

Esta avaliación servirá para identificar as aprendizaxes adquiridas e o ritmo e características da evolución de cada nena/neno. Avaliarase ademais dos procesos, a propia práctica educativa e tomaranse as medidas correctoras que sexan necesarias.

Dende o equipo de E.I continuaremos levantando acta nas xuntas de avaliación que se levarán a cabo en cada trimestre, de tal xeito que sirva como punto de partida da observación sistemática e da avaliación continua do noso alumnado, máxime nos casos que son susceptibles de ser encadrados dentro de posibles NEAEs ou dificultades de aprendizaxe puntuais ou máis ou aquelas que se prevén máis ou menos permanentes a medio prazo. Farase especial fincapé nos casos que xa pertencen ao Departamento de Orientación, ou aqueles que puideran selo, para que sexan ditas xuntas o mecanismo oficial de posta en común dos puntos de vista do equipo docente e de valoración das medidas que se toman co alumnado. Estas actas serán entregadas á xefatura de estudos como xa viñamos facendo en cursos anteriores.

A avaliación é concibida como parte integrante do proceso de ensino - aprendizaxe, actuando nunha triple dimensión sobre o mesmo: reguladora, orientadora e autocorrectora.

Así pois realizarase ao longo do proceso educativo como instrumento revelador de información vinculada aos progresos e dificultades que o alumnado presenta en función dos obxectivos e contidos propostos, permitindo actuar en devandito proceso dende diferentes perspectivas.

Consecuentemente, e seguindo o exposto na lexislación vixente, a avaliación será continua, global e formativa, centrada fundamentalmente no proceso e debendo ser correctamente coñecida, compartida e comprensiva.

Para isto, a observación directa e sistemática será a técnica a empregar no día a día da actividade educativa; sendo os recursos principais os rexistros sistemáticos –listas de control e escalas de observación- e os semisistemáticos –notas de campo e rexistros anecdóticos- que permitan recompilar a información máis relevante das xornadas.

Para poder dar cabida a este proceso de avaliación ao longo do curso escolar, tómanse como referencia os criterios de avaliación que permitirán obter a información necesaria do proceso. Ademais, para isto terase en consideración certos aspectos relevantes no día a día como:

- a) A organización da aula, o seu clima escolar e a interacción entre o alumnado, así como a relación entre o profesorado e o alumnado.
- b) A coordinación entre os profesionais dun mesmo ciclo e a coherencia entre os ciclos.
- c) A regularidade e calidade da relación cos pais, nais e titores legais e a participación destes no proceso de aprendizaxe das súas fillas e dos seus fillos.
- d) A adecuación da proposta pedagóxica e da propia planificación.
- e) A adecuación da proposta metodolóxica na contribución á adquisición das competencias clave.
- f) A evolución no proceso de aprendizaxe do alumnado.

11. PLAN DE POTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA

Tal e como recolle o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no seu artigo 15, dende o ciclo de Educación Infantil, tomaranse as medidas necesaria para a potenciación da lingua galega. Un membro del participará de forma presencial no Equipo de dinamización da lingua galega, para transmitir ao ciclo, as actividades que se propoñan. Como en cursos anteriores, celebraranse o Samaín, o Magosto, o Entroido, o Día de Rosalía e as Artes e Legras Galegas e participarase en todas aquelas actividades propostas no centro dende O Equipo de Dinamización da Lingua Galega. Fomentaranse diversas actividades de animación á lectura, elaboraranse actividades que conleven a un bo coñecemento do noso patrimonio cultural propio.

Fomentaranse, tamén, o uso da Lingua Galega como medio de comunicación entre iguais, coa Comunidade Educativa, na documentación,...

Así mesmo, buscarase achegar ao alumnado á realidade galega, tradicional e cultural mediante diferentes actividades.

7.3.- EQUIPOS DOCENTES DE PRIMARIA**1º E 2º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

AULA	COMPOÑENTES
APOIO	LUCÍA PRECEDO NO
1º EP	Mª ELENA BUSTO GALEGO
2º EP	Mª EMILIA GUERRA FERNÁNDEZ
INGLÉS	JUAN JOSÉ FIGUEIRIDO GARCÍA
MÚSICA	Mª ROSARIO ROMERO LEIS/ MANUEL DEL REY SEIJAS (sustituto)
PT	ROSA Mª DELGADO FONTÁNS
AL	Mª CONSUELO RAMONDE LÓPEZ (Coordinadora)
RC	TERESA GARABAL SÁNCHEZ
OR	Mª JULIA LÓPEZ DÍAZ
EF/ PC	JOSÉ MANUEL SUEIRO VÁZQUEZ

As reunión do 1º e 2º nivel de EP faranse segundo o calendario de reunións do Centro de 17:00 a 18:00 h, aínda que en casos puntuais e sempre que a Programación Xeral do Centro así o requira, o 1º e 2º nivel de EP poderá reunirse con máis frecuencia se así se estima.

OBXECTIVOS

- Coordinar e elaborar as programacións.
- Pedir a colaboración e asesoramento do Departamento de Orientación na busca de solución para tratar aos menos e nenas que presenten problemas ou dificultades na súa aprendizaxe.
- Seguir cos apoiops e reforzos educativos para poder desenvolver axeitadamente a nosa labor educativa.
- Aumentar a participación da familias no proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.
- Intercambiar opinión e experiencias sobre o comportamento e o progreso dos nosos alumnos.
- Realizar unha avaliación sistemática dos distintos materiais curriculares que se traballan no ciclo e buscar novos recursos para tratar os diferentes contidos.
- Participar no desenvolvemento do Proxecto de Centro, a través das distintas actividades que propoña o Equipo da Biblioteca.
- Participar no Proxecto do EDL, a través das actividades propostas.
- Seguir fomentando o interese pola lectura a través do Proxecto Lector.
- Elaborar e transmitir propostas do 1º e 2º Nivel de EP a CCP.
- Realizar reunións de Ciclo, coa finalidade de coordinar a nosa tarefa educativa e compartir as nosas experiencias dentro da aula.
- Potenciar o Plan de Convivencia do Centro.
- Procurar que o alumnado utilice de xeito apropiado tanto a Lingua Galega como a Lingua Castelá.
- Participarase nas Celebracións e Commemoracións establecidas polo Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias, polo EDL e demais equipos. En función das necesidades do 1º e 2º Nivel de EP, estas actividades poderán ser ampliadas, reducidas ou modificadas ao longo do curso.

3º E 4º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA	
AULA	COMPONENTES
3º EP	NOELIA FIAÑO BESTILLEIRO (Coordinadora)
4º EP	CRISTINA SÁNCHEZ FERNÁNDEZ
INGLÉS	JUAN JOSÉ FIGUEIRIDO GARCÍA
MÚSICA	M ^a ROSARIO ROMERO LEIS/ MANUEL DEL REY SEIJAS (sustituto)
PT	ROSA M ^a DELGADO FONTÁNS
AL	M ^a CONSUELO RAMONDE LÓPEZ
RC	TERESA GARABAL SÁNCHEZ
OR	M ^a JULIA LÓPEZ DÍAZ
EF/ PC	JOSÉ MANUEL SUEIRO VÁZQUEZ

OBXECTIVOS

- Traballar de forma coordinada na realización das programación.
- Planificar a práctica educativa en busca da consecución dos obxectivos xerais establecidos.
- Concretar o sistema de apoio a menos/as con NEAE de reforzo e ampliación.
- Avaliar e revisar, se fose preciso, o proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Realizar un seguimento individualizado dos alumnos/as, para valorar o seu progreso académico.
- Elaborar os criterios de promoción de ciclo en base aos mínimos establecidos.
- Potenciar a coordinación interniveis.
- Planificar conxuntamente actividades complementarias e extraescolares.

5º E 6º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA	
AULA	COMPOÑENTES
5º A EP	M ^a TERESA ESTRADA ZURRÓN
5º B EP	JOSEFA MARTÍNEZ ÁLVAREZ
6º EP	XOÁN CARLOS ALBARELLOS CODESIDO
INGLÉS/PC	JUAN JOSÉ FIGUEIRIDO GARCÍA
MÚSICA	M ^a ROSARIO ROMERO LEIS/ MANUEL DEL REY SEIJAS (sustituto)
PT	ROSA M ^a DELGADO FONTÁNS
AL	M ^a CONSUELO RAMONDE LÓPEZ
RC	TERESA GARABAL SÁNCHEZ
OR	M ^a JULIA LÓPEZ DÍAZ
EF	JOSÉ MANUEL SUEIRO VÁZQUEZ

OBXECTIVOS

- Elaboración das programación tanto de aula como de nivel, adaptándoas ao novo marco lexislativo.
- Planificar a práctica educativa en busca da consecución dos obxectivos xerais establecidos.
- Unificar criterios na reunión de pais/nais.
- Concretizar e planificar a práctica educativa diaria e tamén as actividades complementarias e extraescolares, co fin da consecución dos obxectivos xerais establecidos.
- Planificar conxuntamente as actividades de apoio, e as necesidades educativas de reforzo e ampliación, en coordinación cos compañeiros/as do departamento de orientación, si fora necesario.
- Potenciar a coordinación interciclos.

Acórdase que todos os ciclos poderán participar naquelas actividades programadas a nivel do centro polo equipo de actividades complementarias e extraescolares, así como as plantexadas polo equipo da biblioteca e de EDL. Tamén, as que poida plantexar o Concello, así como as propostas pola ANPA. E todas aquelas que poidan xurdir ao longo do curso e que poidan e que poidan resultar interesantes para o desenvolvemento dos alumnos, ben por razón de contidos ou por outras razóns.

7.4.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.

O capítulo II artigo 61 do Regulamento de Educación Primaria establece que a Comisión de Coordinación pedagóxica está constituído polos seguintes membros:

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA	
DIRECTORA	M ^a EMILIA GUERRA FERNÁNDEZ
ORIENTADORA	M ^a JULIA LÓPEZ DÍAZ
XEFA DE ESTUDOS	M ^a DOLORES ALONSO FACHADO
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	ROSA M ^a DELGADO FONTÁNS
COORDINADORA DE CICLO DE ED. INFANTIL	ADELA PEREIRO VEIGA
AUDICIÓN E LINGUAXE E COORDINADORA 1 ^º CICLO	M ^a CONSUELO RAMONDE LÓPEZ
COORDINADORA 2 ^º CICLO	NOELIA FIAÑO BESTILLEIRO
COORDINADORA 3 ^º CICLO	M ^a TERESA ESTRADA ZURRÓN
DINAMIZADOR DA BIBLIOTECA	TERESA GARABAL SÁNCHEZ
COORDINADOR DO EDL	CRISTINA SÁNCHEZ FERNÁNDEZ

PLAN DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA



LINGUA GALEGA.

CEIP RAÍÑA FABIOLA

CURSO 2023-24



	ÍNDICE	PÁX.
1)	<i>Composición do Equipo de dinamización da lingua galega</i>	4
2)	<i>O centro e a realidade socioeconómica do seu contorno</i>	4
3)	<i>A lingua do alumnado</i>	5
4)	<i>Cumprimento do establecido no Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia</i>	5
5)	<i>Plan de actuación do Equipo de dinamización da linguagalega: obxectivos</i>	5-7
6)	<i>Actividades culturais previstas para o curso 2023/2024</i>	7-11
7)	<i>Temporalización</i>	12-13
8)	<i>Orzamento</i>	13-14
9)	<i>Procedementos para avaliar a propia programación</i>	14

- Equipo de dinamización da lingua galega -

Introdución:

O Equipo de dinamización da lingua galega (EDLG) do CEIP Raíña Fabiola quere animar a toda a comunidade educativa no percorrido do camiño o cara á normalización no uso da Lingua Galega. Este proceso é sinxelo e complexo ao mesmo tempo, e quere contribuír co seu traballo á difusión da cultura propia, tan viva fóra das aulas; quere incentivar, apoiar iniciativas a prol do emprego común e sen complexos da nosa lingua, con coñecemento de causa e con profundo respecto.

A aplicación do presente plan de dinamización lingüística está suxeita a debate e revisión; sempre teremos en conta a aportación de suxestións e matices que permitan unha mellora do mesmo.

1.- Composición do Equipo de dinamización da lingua galega do CEIP Raíña Fabiola.

O Equipo de dinamización da lingua galega (EDLG) do CEIP Raíña Fabiola (Santiago de Compostela) estará formado, durante o ano académico 2023-2024 polos seguintes membros:

- *(Educación Infantil):* Adela Pereiro Veiga.

- *(Educación Primaria):* Lucía Precedo No, María Teresa Estrada Zurrón, Xoán Carlos Albarellos Codesido e Cristina Sánchez Fernández (coordinadora).

2.- O centro e a realidade socioeconómica da súa contorna.

O CEIP Raíña Fabiola situado en Santiago de Compostela, é un centro de ensino de Educación Infantil e Primaria do Concello de Santiago de Compostela. Escolariza alumnado de Infantil e Primaria.

Xeograficamente, Santiago atópase no centro de Galicia e na provincia da Coruña e é a capital da Comunidade Autónoma de Galicia.

En canto á actividade socioeconómica destaca o sector servizos.

O Concello de Santiago conta cunha poboación relativamente asentada (a parte que acude ao centro escolar).

3.- A lingua do alumnado.

Lingüísticamente atopámonos nunha zona do denominado galego interior.

Os usos lingüísticos do alumnado inciden no predominio da Lingua Castelá.

4.- Cumprimento do establecido no Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

O centro considera, asume e utiliza o galego como lingua propia e de uso diario nas diferentes manifestacións da súa vida: na administración interna, nas relacións coa administracións educativas e cos distintos sectores da sociedade galega en xeral, nas relacións coa contorna, nas relacións profesorado-alumnado-familias durante toda a xornada escolar, etc.

Ademais do ensino da propia materia de Lingua Galega e Literatura e de potenciar o dominio, consideración e aprecio da nosa lingua por parte do alumnado e da comunidade educativa en xeral, o CEIP Raíña Fabiola cumpre coa lexislación vixente utilizando o galego como lingua vehicular no ensino de diversas materias, tal e como se establece no Proxecto Lingüístico de Centro (PLC).

O Equipo de dinamización da lingua galega velará polo cumprimento do acordado no PLC e establecerá un programa de actividades de fomento da lingua galega, con especial atención ás liñas de actuación que permitan un incremento no uso do galego nas actividades complementarias e extraescolares.

5.- Plan de actuación do Equipo de dinamización da lingua galega: obxectivos.

Con estas perspectivas de entrada, o Equipo de dinamización da lingua galega, tendo en conta o especificado no PEC e máis no PCC do centro, mantén o deseño das actividades realizadas en cursos anteriores. Este plan de continuidade está pensado para realizar nun ciclo de varios anos, pois a súa extensión excede o ámbito da estrita promoción e normalización do noso idioma, abarcando o campo cultural en xeral, por considerarmos a lingua e a cultura intimamente unidas.

O citado plan contempla os seguintes obxectivos:

1.- Fomentar o cumprimento da lexislación vixente (decreto 79/2010), acadando, e superando, os seus aspectos mínimos e imprescindibles: o galego como lingua da administración educativa, das relacións orais e escritas profesorado-alumnado, das relacións e comunicacións escola-pais, das actividades

extraescolares, da observación e do estudo da contorna, da aprendizaxe da lecto-escritura, da aprendizaxe e da expresión nas materias que, como mínimo, se deben impartir na lingua propia de Galicia e ídem noutras materias que lles axude ao alumnado a se sentir orgulloso da súa lingua e a desbotar os prexuízos lingüísticos e culturais respecto ao castelán.

2.- Cumprir co establecido no PEC en canto ao ensino, á utilización, á promoción e á normalización do idioma galego: lingua propia de Galicia, do centro, da contorna e, en consecuencia, de toda a comunidade educativa.

3.- Impartir, nos distintos niveis, os contidos da realidade xeográfica, socioeconómica e cultural, introducidos no Proxecto Curricular da etapa de Educación Primaria.

4.- Incentivar a investigación e o coñecemento de Compostela, o concello no que se asenta o centro e no que vive a meirande parte do alumnado, nas súas máis diversas manifestacións económicas, sociais, culturais, lingüísticas, artísticas, etnográficas e históricas.

5.- Asesorar, desde o punto de vista lingüístico e cultural a todo o profesorado, coa fin de que poida ter os instrumentos necesarios para levar a cabo a súa labor docente e educativa en galego.

6.- Difundir entre toda a comunidade educativa unha información cultural permanente utilizando os medios de publicidade ao noso alcance (correo) e os taboleiros de cortiza colocados en lugares comúns do centro como medios transmisores de dita información.

7.- Darlle a coñecer ao profesorado as novas bibliografías, fonografías e videografías en galego e asesorar ao centro na adquisición destes materiais.

8.- Fomentar entre o alumnado unha mellora na valoración da súa lingua e da súa cultura.

9.- Mellorar a calidade da lingua dos/das alumnos/-as e enriquecer o seu galego para unha correcta utilización en calquera rexistro da fala e da escrita.

10.- Proxectar e levar a cabo coa colaboración de profesores/-as e alumnos/-as e coa administración local, de ser o caso, unha axeitada programación cultural no centro que axude a prestixiar ante a comunidade educativa tanto a nosa lingua como a nosa cultura.

11.- Motivar a participación de profesorado e alumnado, e pais/nais cando sexa necesario, nas distintas actividades culturais que, adaptadas as idades do alumnado, ao longo do ano se leven a cabo en Santiago de Compostela:

teatro, concertos, títeres, conferencias, exposicións...

12.- Asesorar e participar nas distintas celebracións de carácter festivo- conmemorativo-cultural que se leven a cabo ao longo do ano no centro.

13.- Contribuír a estimular entre o alumnado as manifestacións escritas, o espírito crítico e reflexivo, a investigación e a observación das posibilidades da contorna, e a apreciación e a xusta valoración do propio.

14.- Colaborar estreitamente cos distintos equipos de dinamización do centro, e dun xeito máis específico co **Equipo de dinamización da biblioteca** e co **Departamento de actividades extraescolares**.

6.- Actividades culturais previstas para o curso 2023/2024

O Equipo de dinamización da lingua galega colaborara estreitamente coa **Comisión de Coordinación Pedagóxica**, co **Equipo de dinamización da biblioteca** e co **Departamento de actividades extraescolares** no relativo a elaboración e a posta en marcha da programación cultural do centro.

Cabe sinalar que **esta programación ten un carácter aberto**, xa que ao longo do curso **poden incorporarse novas actividades** que se consideren interesantes. Calquera modificación que poida sufrir esta programación quedará reflectida na **Memoria final** do curso.

A día de hoxe, as actividades que prevé levar a cabo o EDLG son as seguintes:

ACTIVIDADE 1: PARTICIPACIÓN EN CONCURSOS/CERTAMES

Ao longo do curso adoitan chegar ao centro diversas propostas de participación en concursos e certames de distinta índole. O EDLG encargárase de dar publicidade a estes eventos para que aqueles membros da comunidade educativa que así o desexen poidan participar nos mesmos.

ACTIVIDADE 2: PANEL DE LECTURAS

Confección dun panel de lecturas en Lingua Galega que abranguerá de Educación Infantil ata 6º de Educación Primaria . O obxectivo desta actividade será é fixar as lecturas para o traballo nas titorías do centro.

ACTIVIDADE 3: PARTICIPACIÓN NAS CAMPAÑAS DE ANIMACIÓN Á LECTURA PROGRAMADAS NO CENTRO

En colaboración cos titores/as de Educación Infantil e Educación Primaria que imparten Lingua Galega participárase nas campañas de animación á lectura.

ACTIVIDADE 4: PRESENTACIÓN DIXITAL SOBRE a Autora homenaxeada

nas Letras Galegas

Realizarase unha presentación sobre Luisa Villalta, autora homenaxeada co gallo do Día das Letras Galegas en 2024, coa fin de achegar a súa vida e obra a toda a comunidade educativa.

A idea inicial é realizar unha presentación en formato dixital: Será elaborada, proxectada no centro, publicada no noso blog e difundida en toda a comunidade educativa. Daráselle publicidade na web do centro.

ACTIVIDADE 5: CONCURSO DE DEBUXO “SENTIR EN GALEGO”

Con esta actividade preténdese atopar unha imaxe que illustre a IV edición do concurso de poesía e relato curto “Sentir en galego”.

Velaquí as bases do concurso (serán revisadas polo EDLG antes de facer pública a convocatoria, polo que **poderían sufrir algunha modificación**):

- Participación individual (poderán participar todo o alumnado do CEIP Raíña Fabiola, desde Educación Infantil ata 6º de E.P.).
- Cada alumno/a poderá presentar un só debuxo feito a man (calquera técnica será válida) en folio (tamaño A4).
- Preferiblemente, no debuxo debe aparecer o seguinte texto: “Sentir en galego”.
- O nome completo e o curso do/a participante deberán figurar no reverso do traballo presentado.
- Valorarase a orixinalidade e a boa presentación.
- O xurado poderá declarar deserto o premio se considera que os traballos presentados non teñen a mínima calidade.
- A data límite de presentación será o último venres de novembro.
O alumnado entregará os traballos aos/ás titores/-as; unha vez rematado o prazo de presentación, os/as titores/-as entregarán o material recollido á coordinadora do EDLG, que fará chegar os debuxos presentados a concurso ao xurado encargado de valorar ditos traballos.
- O/A autor/-a do debuxo máis votado polo xurado recibirá o seguinte premio: regalo e diploma de participación (*posibilidade de entregar tamén unha camiseta coa imaxe que illustre esta edición*).

ACTIVIDADE 6: IV CONCURSO DE POESÍA E RELATO CURTO “SENTIR EN GALEGO”

Velaquí as bases do concurso (serán revisadas polo EDLG antes de facer pública a convocatoria, polo que **poderían sufrir algunha modificación**):

Poderán participar o alumnado do CEIP Raiña Fabiola, segundo as seguintes categorías:

CATEGORÍA INFANTIL:

Participación grupal coa supervisión das súas titoras.

Agasallo de participación: material escolar para as aulas de Infantil e diploma.

CATEGORÍA A - (1º, 2º E 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA) Participación Individual. O alumnado de 1º pode facelo en grupo.

Cada alumno/a poderá presentar un poema (mínimo 4 versos / máximo 12 versos) ou un relato curto (mínimo 5 liñas / máximo 20 liñas).

CATEGORÍA B - (4º, 5º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA) Participación individual.

Cada alumno/a poderá presentar un poema (mínimo 8 versos / máximo 20 versos) ou un relato curto (mínimo 10 liñas / máximo 30 liñas).

TEMÁTICA:

Para todas as categorías, a temática é libre.

FORMATO:

O idioma empregado debe ser o galego.

O nome completo e o curso do/a participante deberá figurar no reverso do traballo presentado.

Os traballos poderán ser presentados escritos a man ou a ordenador (folio en posición vertical). Non se admitirán traballos feitos a lapis.

Poden incluír imaxes.

Cada poema ou relato debe ter “título”. Valorarase a orixinalidade e a boa presentación.

O xurado poderá declarar deserto algún dos premios se considera que non teñen a mínima calidade.

PRAZO DE PRESENTACIÓN:

A data límite de presentación sera o último venres de marzo de 2024.

O alumnado entregará os traballos aos/as titores/-as; unha vez rematado o prazo de presentación, os/as titores/-as entregarán o material recollido a algún dos membros do profesorado que forman parte do EDLG, que farán chegar os poemas e os relatos curtos presentados a concurso ao xurado encargado de valorar ditos traballos.

ACTIVIDADE 7: I CONCURSO DE CURTAMETRAXES “NON TE CORTES NO FABIOLA!”

Coa intención de fomentar as actividades audiovisuais, convócase este concurso de curtametraxes (tanto o nome do concurso como as bases do mesmo serán revisadas polo EDLG antes de facer pública a convocatoria, polo que **poderían sufrir algunha** modificación):

PREMIOS:

Haberá dous premios por categoría (categorías A e B):

1º premio: Regalo e diploma de participación.

2º premio: Regalo e diploma de participación.

Posibilidade de entregar tamén unha camiseta coa imaxe que illustre esta edición.

EXPOSICIÓN:

Os traballos premiados serán publicados na web do centro.

- Participación colectiva (poderán participar o alumnado do CEIP Raíña Fabiola.
- Nos créditos finais debe aparecer un mínimo de 3 alumnos/-as e un máximo de 8 (entreactores/actrices, guionistas, realizador/-a, etc., tendo en conta que un/unha mesmo/-a alumno/-a pode desempeñar diferentes funcións).
- O nome completo e o/-s curso/-s dos/as participantes deberán figurar nos créditos finais.
- O idioma empregado será o galego.
- Temática (*aínda por determinar*).
- Duración: mínimo 2 minutos, máximo 4 minutos.
- Valorarase a orixinalidade e a calidade da imaxe e do son.
- O xurado poderá declarar deserto o premio se considera que as curtametraxes presentadas non teñen a mínima calidade.
- A data límite de presentación será o último venres de marzo de 2024. O alumnado poderá entregar as súas curtametraxes aos titores.
A curtametraxe máis votada polo xurado recibirá o seguinte premio: regalo para cada alumno/-a e diploma de participación.
- A curtametraxe gañadora será proxectada na semana das Letras Galegas e será publicada no blog do centro.

ACTIVIDADE 8: ELABORACIÓN DE MATERIAL DESTINADO AO ALUMNADO PROCEDENTE DOUTROS PAÍSES.

Proposta de elaboración de material en Lingua Galega ao Departamento de Orientación para favorecer unha achega á nosa Lingua por parte do alumnado procedente doutros países.

Poderá colaborar todo o profesorado que desexe participar.

ACTIVIDADE 9: CELEBRACIÓNS

Durante todo o curso teñen lugar unha serie de actividades e conmemoracións de carácter plurianual, como poden ser o Samaín, o Magosto, o Entroido, unha posible organización dunha Semana Cultural coincidindo coa celebración do día das Letras Galegas.

O EDLG pretende difundir entre a comunidade educativa o significado desas celebracións e, no caso do Día das Letras Galegas, a aportación á lingua e a cultura galega da autora á que se lle adique esta conmemoración (o 17 de maio de 2024 será homenaxeada Luisa Villalta).

Realizaranse diferentes actividades que requiren da participación de todos os membros da comunidade educativa. Levaranse a cabo en estreita colaboración co Departamento de actividades extraescolares e co Equipo de Dinamización da Biblioteca:

- **Samaín: proposta** de contos relacionados con esta celebración narrados polo profesorado, creación de poemas, relatos, creación na casa de cabazas decoradas coas familias para traer ao centro e expoñelas nos corredores, decoración das portas, o comemedos (proposta para participar toda a comunidade escolar).
- **Magosto: A castañada.**
- **Día do peón:** circuito de xogos tradicionais galegos (o peón, a ra, o aro, a porca).
- **Entroido:** participación no desfile de disfraces, creación dun "meco". O meco dará as ordes previas ao Entroido (mandatos do Entroido).
- **Posible organización dunha Semana Cultural:** Entrega de premios do concurso de poesía e relato curto "Sentir en galego", entrega de premios do concurso de curtametraxes e visionado da curtametraxe gañadora; algunhas actividades están aínda por concretar, como por exemplo a posibilidade de contactar cun contacontos ou algunha compañía de teatro.
- **Letras Galegas:** presentacións dixitais sobre a autora homenaxeada.

7.- Temporalización.

A actuación do EDLG terá carácter permanente para poder acadar os obxectivos expostos con anterioridade. Eventos como as celebracións culturais do centro incluso

teñen data sinalada: Magosto, Entroido, Letras Galegas... Outros proxectos terán unha temporalización máis ampla.

Título da actividade	Temporalización
Visibilidade na web e blog Do EDL	Todo o ano académico
Participación en concursos e certames	Ao longo de todo o ano académico
Panel de lecturas	Un panel anual
Exposicións en galego	Ao longo de todo o ano académico
Presentación dixital sobre a autora homenaxeada	Proxección durante a Semana das Letras Galegas
IV Concurso de debuxo "Sentir en galego"	<ul style="list-style-type: none"> - Publicación da convocatoria: mediados de outubro de 2023 - Data límite para a presentación de traballos: último venres, de novembro de 2023. - Entrega de premios: A determinar.
Concurso de poesía e relato curto "Sentir en galego"	<ul style="list-style-type: none"> - Publicación da convocatoria: comezos do 2º trimestre - Data límite para a presentación de traballos: último venres, de marzo de 2024 - Entrega de premios: durante a Semana da Letras Galegas 2024

Concurso de curtametraxes “Non te cortes no Fabiola!”	-Publicación da convocatoria: finais de novembro/comezos de decembro 2023. - Data límite para a presentación de traballos: último venres, de febreiro de 2024 - Entrega de premios e visionado da curtametraxe gañadora: durante a Semana das Letras Galegas
Animación á lectura	Datas aínda por confirmar (presumiblemente, no 2º/3º trimestre)
Celebracións	Datas concretas das conmemoracións do calendario escolas 2023-2024

8.- Orzamento.

Para desenvolver as actividades anteriormente citadas, o Equipo de dinamización da lingua galega prevé contar cunha dobre vía de financiamento: os cartos que reciba do orzamento do centro (€) e a axuda que a Consellería de Educación lle conceda por participar na convocatoria dirixida a financiar os traballos extraordinarios dos Equipos de dinamización da lingua galega (*Proxecto de fomento de uso do galego*). Dependendo da contía final, levaranse a cabo ou non todas as actividades que precisan dun desembolso económico.

A continuación expoñemos o custo estimado para a realización das actividades previstas:

Título da actividade	Orzamento
Visibilidade na web do centro (blog dinamización)	0,00€
Participación en concursos/certames	0,00€
Panel de lecturas	30,00€ (material funxible)
Exposicións en galego	
Presentación dixital sobre a autora homenaxeada	0,00€

Concurso de debuxo “Sentir en galego”	330,00€
Concurso de poesía e relato curto “Sentir en galego”	
Concurso de curtametraxes “Non te cortes no Fabiola!”	240,00€
Animación á lectura	0,00€
Celebracións	200,00€
	TOTAL: 800€

9.- Procedementos para avaliar a propia programación.

Os procedementos empregados polo Equipo de dinamización da lingua galega para avaliar a propia Programación son os seguintes:

- Valoración das actividades realizadas e xustificación daquelas que non se poidan levar a cabo.
- Valoración dos recursos e materiais empregados.
- Valoración da temporalización e xustificación dos posibles desaxustes.
- Achega de propostas e suxestións para mellorar a Programación de cara ao seguinte ano académico.

Estas valoracións quedarán reflectidas de forma puntual nas actas do Equipo de dinamización da lingua galega, así como na Memoria final de curso.

En Santiago de Compostela a 6 de outubro de 2023

(Coordinadora do EDLG)

Cristina Sánchez Fernández

7.6.- EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES E EDLG

No presente curso escolar o Equipo de actividades complementarias e extraescolares estará coordinado por Manuel del Rey Seijas.

COMPOÑENTES
MANUEL DEL REY SEIJAS- Coordinador.
M ^a EMILIA GUERRA FERNÁNDEZ
J. MANUEL SUEIRO VÁZQUEZ
M ^a ELENA BUSTO GALEGO

Nel colaborarán todas as mestras e mestres do centro, dependendo sempre das actividades que se estean a desenvolver en cada momento. Consideranse Actividades Complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado das propiamente lectivas, polo momento, espazo ou recursos que utilizan

Así cabe considerar:

- Visitas, Traballos de campo, Saídas pola contorna do centro, Viaxes de estudos, Conmemoracións e Obradoiros. Consideranse Actividades Extraescolares as organizadas polo centro e figurando na Programación Xeral Anual, aprobada polo Consello Escolar. Están encamiñadas a potenciar a apertura do alumnado en aspectos referidos á ampliación do seu horizonte cultural, a preparación para a súa inserción na sociedade, e o uso do tempo libre. Realízanse fóra do horario lectivo, teñen un carácter voluntario para todos os alumnos e alumnas do centro.

Non forman parte do proceso de avaliación polo que pasa o alumnado para a superación das distintas áreas ou materias curriculares que integran os plans de estudo.

[Escriba aquí]



PROGRAMACIÓN XERAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades programadas de xeito xeral para o curso 2023/2024 son as seguintes:

E. Infantil

- Saídas pola contorna polo río Sarela. Día dos ríos. 29/09/23
- Concerto didáctico no Auditorio de Galicia 03/11/23 O neno de pau (5º EI)

- Concerto didáctico no Auditorio de Galicia 01/02/24 O gato con botas (5º, 6º EI)
- Actividades organizadas polos equipos do centro para as distintas celebracións que se levarán a cabo por exemplo Magosto, Samaín, Nadal, Entroido...
- Actividades con empresas ou entidades deportivas
- Actividades do Concello de Santiago, Empresas, Centros Comercias.
- Saída fin de curso á Granxa escola da Fervenza da Toxa pendente por confirmar.
- Quedan pendentes de concretar outras posibles saídas que poderíamos realizar ao longo do curso se foran de interese en relación

E.Primaria 1º e 2º

- Didácticos Cultura Concello de Santiago. Circo Só no teatro Principal 21/02/24
- Actividades organizadas polos equipos do centro para as distintas celebracións que se levarán a cabo por exemplo Magosto, Samaín, Nadal, Entroido...
- Actividades con empresas ou entidades deportivas
- Actividades do Concello de Santiago, Empresas, Centros Comercias.
- Saída fin de curso á
- Quedan pendentes de concretar outras posibles saídas que poderíamos realizar ao longo do curso se foran de interese en relación cos temas que se estean traballando.
- Saída a final de curso fora da localidade, aínda por determinar.

E.Primaria 3º e 4º

- Concerto didáctico no Auditorio de Galicia 30/11/23 Pulcinella e a máscara máxica.
- Concerto didáctico no Auditorio de Galicia 02/02/24 O gato con botas
- Actividades organizadas polos equipos do centro para as distintas celebracións que se levarán a cabo por exemplo Magosto, Samaín, Nadal, Entroido...
- Actividades con empresas ou entidades deportivas
- Actividades do Concello de Santiago, Empresas, Centros Comercias.
- Saída fin de curso á Campo Lameiro
- Quedan pendentes de concretar outras posibles saídas que poderíamos realizar ao longo do curso se foran de interese en relación cos temas que se estean traballando.
- Saída a final de curso fora da localidade, aínda por determinar.

[Escriba aquí]



E. Primaria 5º e 6º

- Concerto didáctico no Auditorio de Galicia 01/12/23 Pulcinella e a máscara máxica. (6º)
- Concerto didáctico no Auditorio de Galicia 02/02/24 O gato con botas (6º)
- Didácticos Cultura Concello de Santiago. Teatro Wombo Combo no teatro Principal 06/03/24
- Saída á Cidade da Cultura 10/10/23 (6º)
- Día internacional do cambio climático. Xornadas no propio centro. 23/10/23 e 30/10/23.
- O Espello de Claude*. Laboratorio de fotografía e identidade para adolescentes. 18/10/23, 25/10/23, 8/11/23, 15/11/23 e 22/11/23.
- Visita a Meteogalicia 14/11/23
- Visita ao Parlamento de Galicia 02/04/2024
- Teatro no Auditorio Abanca. Obra en lingua Inglesa 05/02/24
- Actividades CEIDA no propio centro 28/05/24
- Saída Dunas de Corrubedo 11/06/24
- Quedan pendentes de concretar outras posibles saídas que poderíamos realizar ao longo do curso se foran de interese en relación cos temas que se estean traballando.
- Saída a final de curso fora da localidade, aínda por determinar.

Conmemoracións

- 20 de novembro de 2023: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2023: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 28 de novembro ao 5 de decembro de 2023: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2023: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2023: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2024: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2024: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2024: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2024: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2024: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 4 ao 8 de marzo de 2024: Semana da Prensa.
- 1 de abril de 2024: Día das Artes Galegas.
- 7 de abril de 2024: Día Mundial da Saúde.
- Do 22 ao 26 de abril de 2024: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2024: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2024: Día de Europa.
- Do 13 ao 17 de maio de 2024: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2024: Día Mundial do Ambiente.

De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

[Escriba aquí]

7.7.- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

ÍNDICE

1. Xustificación baseada no contexto
2. Marco lexislativo
3. Análise das necesidades educativas
4. O Departamento de Orientación
5. Obxectivos
6. Planificación das accións prioritarias
 - 6.1 Plan de atención a diversidade
 - 6.2 Plan de acollida
 - 6.3 Plan de apoio ao proceso de Ensino-Aprendizaxe
 - 6.4 Plan de Acción Titorial
 - 6.5 Plan de Orientación Académico Profesional.
 - 6.6 Plan de convivencia
7. AvaliaciónANEXOS
 - Anexo I. Programación de Pedagogía Terapéutica
 - Anexo II. Programación de Audición e Linguaxe

[Escriba aquí]



1.-XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

O centro Raiña Fabiola atópase situado na zona noroeste da cidade de Santiago de Compostela. Debido á súa situación, nun extremo da cidade acolle alumnos procedentes tanto do ámbito rural como urbano.

A zona está dotada de infraestruturas (deportivas, lúdicas, comerciais, de transportes, sanitarias, etc.) e de servicios sociais e culturais.

A maioría do alumnado é orixinario da zona, se ben hai que constatar a presenza no centro dun pequeno número de inmigrantes procedentes de Centroamérica, África e Rumanía.

A nivel sociolaboral os pais traballan, de maior a menor porcentaxe, no sector servizos, na industria, como funcionarios e empresarios. As nais dedícanse fundamentalmente ao sector servizos e son funcionarias.

O nivel sociocultural é medio-baixo, cun nivel de estudos de grado medio.

En canto a lingua empregada no ámbito familiar, a maioría emprega calquera das dúas linguas indistintamente.

O colexio Raiña Fabiola é un centro de infantil e primaria que no actual curso está dotado con 10 unidades (3 de Educación Infantil e 7 de Educación Primaria). O centro conta cun total de 223 alumnos e alumnas que se distribúen como segue:

[Escriba aquí]



EDUCACIÓN INFANTIL (2º CICLO)			TOTAL
Cuarto	Quinto	Sexto	67
19	25	23	

EDUCACIÓN PRIMARIA							TOTAL
Primeiro	Segundo	Terceiro	Cuarto	Quinto A	Quinto B	Sexto	156
25	25	24	22	17	18	25	

2.-MARCO LEGISLATIVO

O Departamento de Orientación elabora a súa programación en base a lexislación seguinte:

A **LOE**: Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. (BOE do 4 de maio) sinala como un dos seus fins primordiais: *O pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades afectivas do alumnado, a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres, o recoñecemento da diversidade afectivo-sexual, así como a valoración crítica das desigualdades que permita superar os comportamentos sexistas.*

Tamén ocupa un lugar relevante a transmisión dos valores *que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza que son, entre outros, os que constitúen a base da vida en común dentro dos principios democráticos de convivencia, prevención de conflitos e resolución pacífica dos mesmos.*

[Escriba aquí]



No Título preliminar contéplase entre os principios en que se inspira o sistema educativo español *a orientación educativa e profesional dos estudantes, como medio necesario para o logro dunha formación personalizada que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores.*

No Título II sobre “A equidade da educación”, remarca a especial atención que, dentro da escolaridade obrigatoria, han de ter as medidas de atención á diversidade para, por medio da prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica dos apoios e reforzos oportunos en tempo e forma, lograr o marco dunha escola inclusiva que acuda, segundo sexa necesario, ás medidas organizativas e/ou curriculares precisas para asegurar o principio de equidade, sen perxuízo de garantir unha educación de calidade para todo o alumnado. Desta maneira, a atención á diversidade deixa de ser unha medida que responde ás necesidades dunha parte do alumnado para pasar a ser unha necesidade de todo o alumnado e de todas as etapas educativas, converténdose, polo tanto, no principio reitor desta actividade.

No Título III sobre “Profesorado”, no capítulo I figuran entre as súas funcións *A tutoría de alumnos, a dirección e orientación da súa aprendizaxe, en colaboración coas familias* (art. 91.c).

A **LOMCE**: Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Orde ECD/65/2015 do 21 de xaneiro pola que se describen a relación entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da Educación Primaria, da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.

Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Resolución do 6 de xuño de 2023, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.

Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

[Escriba aquí]



Decreto 120/1998 do 23 de abril, polo que se regula a Orientación Educativa e Profesional en Galicia.

Orde 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da Orientación Educativa e Profesional en Galicia.

Circular 10/2010 da Dirección xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

Real Decreto 943/2003 polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos sobredotados intelectualmente.

Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, avaliación e priorización das necesidades da comunidade educativa.

3.-ANÁLISE DAS NECESIDADES EDUCATIVAS

Na avaliación de necesidades partíuse da memoria final do departamento do curso anterior, complementada con charlas cos membros do departamento, con conversas informais co profesorado e coa percepción do clima do centro.

As necesidades máis importantes que se detectaron foron as seguintes:

- Relativas ó centro:
 - Necesidade de consensuar unha metodoloxía común e propia do centro na atención á diversidade dos alumnos e alumnas.
 - Necesidade de colaboración e coordinación do centro coas institucións da contorna.

[Escriba aquí]



- Relativas ó alumnado:

- Necesidade de identificar e valorar as necesidades educativas dos alumnos e alumnas do centro e de deseñar medidas para darlles resposta.
- Necesidade de desenvolver plenamente a personalidade e as capacidades afectivas do alumnado.
- Necesidade de informar e asesorar sobre as bolsas do MEC para alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Necesidade de desenvolver actividades relativas á convivencia.
- Necesidade de deseñar e coordinar a posta en marcha das actividades recollidas nos plans propostos.
- Necesidade de deseñar e coordinar actuacións encamiñadas a previr o Acoso Escolar.

- Relativas ás familias:

- Necesidade dunha maior implicación e participación das familias no proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos e fillas.
- Traballar o papel activo dos pais na aprendizaxe do alumnado.
- Necesidade dunha maior implicación dalgunha familia no proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos/as.
- Necesidade de facilitar información sobre os cambios que están tendo lugar no sistema educativo.
- Necesidade de desenvolver actividades relativas á convivencia.
- Necesidade de informar e asesorar sobre as bolsas do MEC para alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

- Relativas ó profesorado:

- Necesidade de asesoramento no referente á atención á diversidade.
- Necesidade de artellar medidas de atención á diversidade para dar resposta ós alumnos con necesidades educativas especiais.
- Necesidade de colaborar coas profesoras de Pedagogía Terapéutica e Audición e linguaxe na atención a alumnos con necesidades educativas especiais.



4.-DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Segundo o Decreto 120/1998 do 23 de abril o Departamento de Orientación (D.O.) ten a seguinte composición:

- Xefa do departamento: M^a Julia López Díaz
- Profesora de Pedagogía Terapéutica: Rosa María Delgado Fontán
- Profesora de Audición e Linguaxe: María Consuelo Ramonde López
- Coordinadora Educación Infantil: Adela Pereiro Veiga
- Coordinadora 1º ciclo de Primaria: María Consuelo Ramonde López
- Coordinadora 2º ciclo de Primaria: María Angeles Paredes Villaronga
- Coordinadora 3º ciclo de Primaria: Teresa Estrada Zurrón

Os membros do Departamento reuniranse mensualmente sen prexuízo das reunións necesarias que veñan determinadas por incidencias que o xustifiquen.

Ademais, celebraranse reunións co profesorado de apoio e cos titores/as que resulten necesarias ao longo do curso para o seguimento e resolución de posibles necesidades na evolución escolar dos alumnos/as.

Semanalmente, reuniranse as mestras especialistas de A.L., a mestra especialista de P.T. e a orientadora, coa finalidade de facer un seguimento periódico dos apoios e demais demandas ao departamento.

[Escriba aquí]

5.-OBXECTIVOS

Tendo en conta as necesidades descritas anteriormente e remitíndonos á lexislación vixente relativa á orientación educativa e profesional, os obxectivos xerais da actuación do Departamento de Orientación para o curso 2023/2024 son os seguintes:

- Previr a aparición de cantos problemas poidan afectar de forma negativa ó desenvolvemento integral e educativo dos nosos alumnos e alumnas, mediante a aplicación de programas específicos relacionados con aspectos como a mellora da saúde, da convivencia, a resolución construtiva e pacífica dos conflitos persoais e sociais e a mellora do compromiso e responsabilidade social.
- Orientar ó alumnado sobre aqueles procesos de desenvolvemento persoal que contribúan a mellorar o coñecemento e o coidado de si mesmo e do mundo que lle rodea, das relacións sociais e familiares, así como da súa integración positiva na aula e no centro, e tamén na vida da comunidade social na que vive.
- Facilitar a personalización dos procesos de ensinanza e aprendizaxe atendendo á diversidade de condicións persoais que presentan os nosos alumnos e alumnas e tamén os grupos de clase do centro: intereses, capacidades, ritmos, necesidades específicas. Dedicarase especial atención a aqueles alumnos e alumnas que presenten necesidades educativas específicas, co obxecto de ofrecerlles a axuda pedagóxica e orientadora necesarias para un desenvolvemento óptimo das súas capacidades.
- Asesorar ó profesorado no deseño, elaboración e posta en práctica de medidas de atención á diversidade: reforzo educativo, adaptacións curriculares, etc.
- Potenciar a cooperación do Departamento de Orientación coa comunidade educativa e crear unha dinámica de traballo baseada na colaboración.
- Fomentar a implicación das familias na tarefa educativa a través de reunións informativas para pais, a relación titor-pais, etc., e manter unha estreita relación coas familias de alumnos con necesidades educativas especiais.
- Colaborar con outras institucións do contorno: asistencia social, Equipo de Orientación Específico, Oficina de Información Xuvenil, asociacións, axencia de desenvolvemento local, etc.

[Escriba aquí]



- Adquirir material bibliográfico, psicopedagógico e doutros tipos que contribúa a desenvolver a tarefa orientadora, se se considera preciso.

6.-PLANIFICACIÓN DAS ACCIÓNS PRIORITARIAS

Da cordo co disposto na Circular 10/2010 da Dirección xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade autónoma de Galicia estruturarase ao redor dos seguintes ámbitos:

- Atención á diversidade.
- Acción tutorial.
- Convivencia e Educación en valores.
- Orientación Académica.
- Apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Estes plans iranse concretando e desenvolvendo ao longo do curso académico.

6.1.- PLAN DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

6.1.1.- OBXECTIVOS

- Contribuír á identificación e detección temperá das dificultades de aprendizaxe.
- Adecuar o desenvolvemento do currículo á diversidade do alumnado.
- Diseñar actuacións que posibiliten o acceso ao currículo á totalidade do alumnado.
- Diseñar respostas educativas axeitadas para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Optimizar o uso dos recursos existentes no centro de cara á atención a diversidade.
- Establecer criterios pedagóxicos para a adopción de decisións respecto ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

[Escriba aquí]



- Concibir a avaliación psicopedagóxica como un recurso orientado a mellorar a calidade da educación en equidade, mediante a súa contribución á detección de dificultades de aprendizaxe ou de altas capacidades e a posta en marcha das medidas educativas correspondentes.

6.1.2.- ACTIVIDADES

- Asesoramento ao profesorado para facilitar o acceso ao proceso de ensinanza e aprendizaxe ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) en calquera dos escenarios que se presenten este curso e asegurar asúa participación e implicación no desenvolvemento das accións educativas.
- Asesoramento ao profesorado para, en función de como o alumnado perciba exprese a información, garantir a comprensión e a comunicación da mesma así como o axuste, de medios, tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación, as súas circunstancias.
- Realización de Avaliacións Psicopedagóxicas ao longo de todo o curso.
- Reunión a principio de curso para realizar a Avaliación Inicial. Ao largo do mes de setembro quedarán detectadas as necesidades e organizadas as medidas de atención á diversidade que se precisen.
- Atención individualizada a aqueles alumnos que non responden ao reforzo educativo nin dentro nin fóra da aula.
- Entrevistas coas familias, máis frecuentes coas do alumnado con neae. Ao longo de todo o curso.
- Rexistro de necesidades académicas e de conduta.



6.2.- PLAN DE ACOLLIDA

Inicialmente o Plan de Acollida está dirixido ao alumnado que comenza Educación Infantil, ao que remata Educación Infantil e inicia a Educación Primaria, ao que pasa de educación primaria a secundaria e ao alumnado que teña procedencia extranxeira ou calquera outra procedencia.

6.2.1.- OBXECTIVOS

- Efectuar a acollida e integración do alumnado que cambia de etapa e ou se matricule por primeira vez no centro.

6.2.1.- ESTATEXIAS

- Establecer un estreito contacto cos pais e nais a través dunha reunión para informar das liñas pedagóxicas do centro, organización e funcionamento, hábitos, horarios, ...
- Unha entrevista individualizada con cada pai/nai para obter datos do neno/a (gustos, enfermidades, hábitos, historia persoal), así como as expectativas, intencións e dispoñibilidade que teñen.
- Recibirase aos nenos/as e á familia de forma personalizada, manifestando un bo clima ao recibirlo. Igualmente, na hora da saída, para que saia de forma relaxada y se leve un bo recordo.
- Atentamente observarse se existe algunha manifestación ou síntoma de rexeitamento.
- Permitirase tempos de adaptación e comunicación sobre o que eles queiran contar, expresar, introduciendo pouco a pouco aspectos de la organización e programación de actividades.
- Favoreceranse as relacións amigables, dando lugar a pequenos xogos en grupos, cancións, de maneira que a escola sexa un espazo agradable e atrainte.
- Visita ao edificio de secundaria do alumnado de 6º de primaria. Mes de xuño.
- Reunión grupal coas familias do alumnado de 6º de primaria no IES Arcebispo Xelmirez I ao longo do curso 2023-24.

[Escriba aquí]



6.3.- PLAN DE APOIO AO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE

6.3.1.- OBXECTIVOS

- Axustar a resposta educativa ás necesidades particulares do alumnado, mediante as oportunas medidas de atención á diversidade.
- Previr as dificultades de aprendizaxe, contribuíndo así a evitar o abandono, o fracaso e a inadaptación escolar.
- Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e sistema de valores, e da progresiva toma de decisións escolares e profesionais.
- Colaborar no proceso de toma de decisións, especialmente nas académicas, desenvolvendo actividades de orientación que doten ao alumnado da capacidade de toma de decisións responsable e con coñecemento das súas posibilidades e das oportunidades que se lle presentan no ámbito escolar.
- Asegurar a continuidade educativa a través da coordinación dos distintos ciclos e etapas educativas.
- Contribuír á adecuada relación e interacción entre os integrantes da comunidade educativa (profesorado-alumnado-familia), así coma entre a comunidade educativa e o entorno social.
- Promover a participación das familias na labor formativa, asesorándoas e informándoas en todo momento.
- Contribuír á innovación e á mellora da calidade do ensino.

6.3.2.- ACTIVIDADES

A nivel de **CENTRO**:

- Participar na Comisión de Coordinación Pedagóxica, asesorando especialmente nos aspectos psicopedagóxicos e metodolóxicos.
- Fomentar a comunicación e coordinación entre o profesorado que intervén cun mesmo grupo de alumnos/as mediante reunións de titores/as, do equipo docente, etc.

A nivel do **PROFESORADO**:

- Asesorar sobre criterios metodolóxicos que poidan previr dificultades de aprendizaxe.

[Escriba aquí]



- Orientar sobre o xeito de intervir co alumnado de Necesidades Específicas de Apoio Educativo.
- Asesorar sobre a avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Asesorar ou acompañar sobre entrevistas e reunións cos pais/nais.

A nivel do **ALUMNADO**:

- Avaliación inicial para coñecer o nivel de competencia curricular do alumnado.
- Realización de Avaliacións Psicopedagóxicas.
- Intervención nas sesións de avaliación e reunións do equipo docente e tomade decisións sobre o establecemento de medidas de atención á diversidade.
- Organización de actividades de recuperación e reforzón.

A nivel das **FAMILIAS**:

- Orientación sobre o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.
- Contribuír a mellorar o coñecemento do sistema educativo, itinerarios educativos e informar puntualmente dos cambios que se vaian introducindo ao longo do curso.
- Orientar ás familias de xeito individual ou colectivo para que asuman de maneira responsable a educación dos seus fillos/as.
- Implicar ás familias no proceso de ensino-aprendizaxe.

6.4.- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

O plan de acción titorial constitúe o marco no que se especifican os criterios e procedementos para a organización e o funcionamento das titorías, establecendo as actuacións a realizar e aportando os documentos precisos para levalas a cabo. Neles, tamén figura a previsión das actividades que van desenvolver, de forma coordinada e sistemática, os docentes dun centro en xeral e os titores/as en particular con respecto á orientación dos seus alumnos/as.

Ao mesmo tempo, a titoría é o espazo e o tempo no que se facilita ao titor/a o coñecemento de cada un dos seus alumnos/as, individualmente considerados e tamén como grupo para poder intervir axudándolles no seu proceso de crecemento persoal e social.

[Escriba aquí]



6.4.1.- OBXECTIVOS

- Favorecer a integración do alumnado no seu grupo e no centro en xeral e promover un clima de convivencia, tolerancia e colaboración.
- Colaborar na consecución dun mellor ambiente de traballo, disciplina e puntualidade no grupo.
- Obter e seleccionar datos e información sobre o alumnado individual e colectivamente para poñelo a disposición –cando sexa de utilidade– do resto do profesorado.
- Axudar e orientar o alumnado sobre o seu rendemento académico, colaborando na ensinanza de hábitos e actitudes positivas para o estudo e de técnicas de traballo.
- Facilitar o desenvolvemento harmónico das programacións do profesorado do grupo, a través da coordinación dos procesos de avaliación e da adopción de medidas educativas para dar resposta ás necesidades detectadas.
- Contribuír á individualización da educación, facilitando unha resposta educativa axustada ás necesidades particulares do alumnado, articulando as oportunas medidas de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe.
- Contribuír ao carácter integral da educación favorecendo o desenvolvemento de todos os aspectos da persoa: cognitivos, afectivos e sociais.
- Resaltar os aspectos orientadores da educación, favorecendo a adquisición de aprendizaxes funcionais conectados co entorno, de modo que a educación sexa “educación para a vida”.
- Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e sistema de valores e de toma de decisións respecto ao futuro académico.
- Contribuír á adquisición da Competencia Social e Cidadá do alumnado.
- Previr as dificultades de aprendizaxe, anticipándose a elas e evitando, no posible, fenómenos indesexables como os do abandono, o fracaso ou a inadaptación escolar.
- Favorecer a adecuada relación e interacción entre os distintos integrantes da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias, así como entre a comunidade educativa e o seu entorno social, facilitando o diálogo e a negociación ante os conflitos ou problemas que poidan xurdir.



6.4.2.- LIÑAS DE ACTUACIÓN

- Acollida e integración do alumnado no seu grupo.
- Dinámicas grupais de coñecemento e presentación.
- Coñecer o funcionamento do centro e as súas normas.
- Desenvolvemento progresivo dun hábito de traballo na casa.
- Accións encamiñadas a facilitar o tránsito do alumnado no cambio de etapa: de infantil a primaria e de primaria a ESO.
- Reunión grupal a comezo de curso coas familias.
- Entrevistas individuais de seguimento coas familias ao longo de todo o curso.
- Actividades relacionadas coa mellora da convivencia.
- Obradoiros de HHSS.
- Actividades de educación emocional.

6.5.- PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO PROFESIONAL

6.5.1.- OBXECTIVOS:

- Implicar ao centro na coordinación de accións que favorezan a adaptación do novo alumnado e o tránsito do mesmo entre etapas educativas, especialmente cando implique o cambio de centro educativo.
- Diseñar accións que fomenten a coordinación entre o centro e o Instituto.
- Contribuír ao desenvolvemento de actividades encamiñadas a que o alumnado adquira unhas capacidades que lle permitan saber tomar decisións, así como coñecerse e valorarse de forma axustada as súas propias capacidades, motivacións e intereses.
- Establecer as medidas que permitan asesorar, informar e orientar ao alumnado e ás familias nos momentos decisivos da historia escolar do alumnado: inicio da escolarización, períodos de transición.
- Ofertar información sobre o itinerario escolar ao remate da Educación Primaria.
- Fomentar a coordinación entre o centro e o instituto.
- Proporcionar actuación que permitan que o alumnado adquira un coñecemento do mundo do traballo.

[Escriba aquí]



6.5.2.- ESTRATEXIAS:

- Accións encamiñadas a facilitar o tránsito do alumnado no cambio de etapa: de infantil a primaria e de primaria a ESO.

6.6.-PLAN DE CONVIVENCIA

O Centro conta cun Plan de Convivencia. O Departamento de Orientación colaborará activamente na súa implementación.

7.-AVALIACIÓN

A avaliación enténdese como un proceso de recollida de información para emitir xuízos de valor que permitan a toma de decisións.

Os criterios que, a priori, guiarán o proceso de avaliación da actividades realizadas polo Departamento de Orientación serán:

- Grao de consecución dos obxectivos propostos.
- Grao de adecuación das actividades realizadas.
- Grao de adecuación dos recursos.
- Grao de satisfacción dos implicados.
- Efectos acadados e non previstos.

Para determinar estes aspectos tomaranse como fontes de información a opinión persoal dos implicados, a avaliación de cada actividade concreta e cuestionarios deseñados a tal efecto.

Ademais, contemplaranse os tres momentos indispensables en toda avaliación:

Avaliación inicial, constituída pola avaliación de necesidades.

Avaliación formativa, realizada ó final de cada actividade concreta e nas reunións semanais e mesuais do Departamento de Orientación; permitirá a toma de decisións no transcurso do proceso.

Avaliación final, levarase a cabo ó final do curso e os seus resultados incluíranse na Memoria Anual, de xeito que sirvan de base para manter o vindeiro curso algúns aspectos do Plan, así como para modificar aqueles que se considere precisos.

[Escriba aquí]

ANEXOS

ANEXO I: PROGRAMACIÓN DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA.

MESTRA: ROSA M^a DELGADO FONTÁNS

Ao inicio do presente curso continuaremos a intervención individualizada con seis alumnos de distintos niveis que xa presentaban NEAE no curso pasado.

Dende o Departamento de Orientación establécense os criterios que se empregarán para decidir a prioridade de outro alumnado pendente ,(outros seis alumnos) que este curso precisa de apoio terapéutico.

OBXECTIVOS:

1. Procura-la adquisición e/ou potenciación dos mecanismos, automatismos e destrezas fundamentais sin os cales é difícil acadar un adecuado rendemento escolar.
2. Proporcionar aprestamentos a aqueles alumnos que presentan dificultades nalgunha área.
3. Proporcionar un tratamento capaz de compensar, neutralizar ou solventar, ata donde sexa posible uns obstáculos con serias repercusións para o progreso dos alumnos.
4. Ofrecer material de estimulación , apoio e reforzo a eses alumnos que manifestan NEE ou dificultades de aprendizaxe nalgunha dimensión madurativa ou curricular.
5. Colaborar co Departamento de Orientación e co resto do profesorado, na detección e intervención de alumnos con trastornos no seu desenvolvemento ou con risco de padecelo, a fin de levar a cabo unha atención o máis temperá posible.
6. Colaborar e asesorar na elaboración, seguimento e avaliación das Adaptacións Curriculares, así como das medidas de reforzo se é o caso, e daquelas outras dirixidas a atención á diversidade do alumnado.
7. Potenciar e/ou afianzar, hábitos de estudio que faciliten unha aprendizaxe autónoma.
8. Potenciar hábitos de autonomía personal.
9. Fomentar actitudes que faciliten a integración.

[Escriba aquí]



ALUMNADO E ORGANIZACIÓN

É o *Departamento de Orientación* do centro quen decide qué alumnos precisan esta modalidade educativa, en colaboración co profesorado implicado, establecendo as prioridades que figuran no Plan de Orientación do centro.

Perséguese uns obxectivos de intervención orientados ao alumnado, pero tamén a profesionais do centro, e á familia, partindo das directrices marcadas polo centro.

Respecto aos obxectivos dirixidos ao alumnado, destacar que están baseados no principio de normalización e integración, co fin de facilitar o seu acceso ao currículo. Entre eles resaltamos os seguintes:

- Potenciar a integración dos alumnos con NEAE no seu grupo de iguais e no centro.
- Contribuír e fomentar un desenvolvemento o máis normalizado posible.
- Contribuír á personalización e individualización dos procesos de ensino/aprendizaxe, atendendo aos distintos ritmos evolutivos.
- Achegar aos alumnos a axuda e reforzo pedagóxico necesario para facilitar a toma de decisións e éxito no proceso educativo.
- Favorecer a xeneralización das aprendizaxes adquiridas a outros contextos, a través das relacións coas familias.

En canto á nosa función cos profesionais do centro, destacaremos entre outras:

Posibilitar a integración de liñas metodolóxicas comúns, propiciando o traballo co alumnado con necesidade específica de apoio educativo .

Proporcionar axuda nos procesos de planificación educativa: elaboración de ACS, (se has houbera,) elaboración e adaptación de actividades e material didáctico e seguimentos dos alumnos con NEAE.

A previsión de alumnado con NEAE ao inicio de este curso, (independentemente de que en breve poda engadirse algún novo caso), é de 12 alumnos.

[Escriba aquí]



MODALIDADE DE INTERVENCIÓN ORGANIZACIÓN E METODOLOXÍA

Establecerase un plan de intervención individual para cada alumno (ou grupo de alumnos) en función das súas dificultades e as súas características. E para eso elaboraremos o programa de intervención no que se considerarán: as competencias adquiridas e as necesidades educativas que presentan, o currículo de referencia, (ou currículo adaptado), o enfoque metodolóxico , a coordinación co profesorado titor; o seguimento e avaliación.

Para realizar os horarios e agrupamentos, teremos en conta o perfil do alumnado, o tipo de necesidades educativas que presentan, a atención especializada que precisan, a idade, o curso... Tomaranse como referencia os obxectivos recollidos nas adaptacións curriculares, ou no seu defecto, na programación do nivel ou curso..

Os apoios faranse preferentemente nas aulas de referencia, a fin de conseguir a medida máis inclusiva. De todos modos, cando se considere necesario, levarase a cabo na aula de apoio ou de forma combinada, (algunhas sesións na aula de referencia e outras na aula de apoio), atendendo á normativa legal e traballando sempre de forma individualizada pero potenciando a súa autonomía personal.

Tanto á organización dos apoios como os horarios serán flexibles, e suxeitos a modificacións e reaxustes sempre que se considere necesario para un mellor rendemento do alumno.

A duración e o número de sesións semanais decidirano conxuntamente a orientadora e o profesorado implicado, tendo presente as características do alumnado.

Procurarase que a coordinación dos mestres titores , a mestra de pedagogía terapéutica e a especialista AL, sexa real, a través de reunións periódicas frecuentes.

A metodoloxía será activa, multisensorial e motivadora. As actividades partirán de exemplos normativos concretos e cercanos aos nenos e nenas ,(modelos). Os exercicios se valen de apoios visuais e de resolución parcial, (exemplos), que reforzan o seu interese e promoven a súa autonomía. Tamén utilizaremos o xogo didáctico e medios dixitais como recurso para aprender .

A mestra de pedagogía terapéutica intervirá nas sesións de avaliación e en toda -las reunións relativas ao alumnado co que traballa.

[Escriba aquí]



AVALIACIÓN:

A avaliación será contínua, día a día, mediante a observación directa do alumnado e das actividades. Levaremos un control diario no que se teñan en conta aspectos como o interese, a actitude cara a aprendizaxe, o desenvolvemento das actividades...

A avaliación será coherente coa programación didáctica, considerando todos os aspectos da mesma pero adaptando e flexibilizando ata donde sexa posible.

Ao principio da intervención , e tendo presente a información subministrada polo mestre-titor, e/ou informes psicopedagóxicos, faremos unha pequena valoración dos distintos aspectos que poden ser relevantes para o adecuado progreso do alumnado.

Ao longo do curso, faremos reunións cos mestres-titores e a orientadora, a fin de analizar a evolución dos alumnos, e facer as correccións oportunas se fose necesario.

Ao final do curso, todos os profesionais implicados na avaliación do alumno, valorarán a consecución dos obxectivos establecidos inicialmente e a conveniencia de continuar ou non coa atención educativa especializada no vindeiro curso.

Como recursos e instrumentos de avaliación, utilizaremos a observación directa das actividades diarias do alumnado, as anotacións do traballo diario no rexistro de actividades, a lista de control de datos...

[Escriba aquí]



ANEXO II: PROGRAMACIÓN DE AUDICIÓN E LINGUAXE.

MESTRA: MARÍA CONSUELO RAMONDE LÓPEZ

INTRODUCCIÓN

Esta programación, deseñada para o curso académico 2023-24, tratará de ofrecer unha resposta de calidade educativa atendendo aos principios educativos como son: a igualdade de oportunidades, a non discriminación e a inclusión. Así pois esta programación idéase para Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (N.E.A.E.).

Este termo engloba ao alumnado por necesidades educativas especiais, por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atopárense en situación de vulnerabilidade socieducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por térense incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

FUNCIÓNS DO MESTRE DE AUDICIÓN E LINGUAXE

As funcións do mestre de apoio ao alumnado con N.E.A.E. son reguladas pola Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro, (artigo 57).

Ademais da atención docente directa que lles corresponda prestar aos alumnos en función das súas necesidades, o profesor/a que se atope no centro como apoio á atención ós alumnos con N.E.A.E., desenvolverá as seguintes funcións:

- Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.
- Prestar atención docente directa ao alumnado N.E.A.E., segundo a proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio realizada pola xefatura do departamento de orientación á xefatura de estudos e autorizada pola dirección do centro docente.
- Elaborar os programas de intervención para o alumnado, segundo as directrices recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade, en colaboración co profesorado de area ou da materia que corresponda e Segundo a orientación e o asesoramento da xefa do departamento de orientación.

[Escriba aquí]

- Colaborar, de ser o caso, na elaboración de adaptacións curriculares do alumnado, así como no seguimento e na avaliación delas.
- Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.
- Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.
- Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumna ou alumno ao que se lle presta apoio, coordinado pola xefatura do departamento de orientación.

ACCIÓNS PRIORITARIAS

Desde o Departamento de Orientación establécense que os criterios para a atención ao alumnado con N.E.A.E. sexan:

- En primeiro lugar unha discapacidade intelectual con trastornos específicos da linguaxe.
- En segundo lugar atenderanse aqueles alumnos con dificultades na adquisición ou no desenvolvemento da linguaxe oral. Entran dentro deste apartado os nenos/as con N.E.A.E. asociadas a: un retraso da linguaxe e da fala asociado un déficit auditivo, cognitivo ou motor; a trastornos específicos da linguaxe; a retrasos da linguaxe e da fala.
- Por último atenderanse aqueles alumnos con necesidades transitorias por alteracións funcionais no uso da linguaxe oral e/ou escrita. Neste grupo atopamos a alumnos/as con N.E.A.E. asociados a dislalias, retrasos simples da linguaxe e alteracións na lectoescritura asociadas a unha afectación fonolóxica.

OBXECTIVOS XERAIS

A nivel de centro débese destacar:

- Favorecer a integración e a participación do alumnado no contexto escolar.
- Detectar as posibles necesidade do alumnado en colaboración co profesorado do centro e co departamento de Orientación.
- Participar xunto co resto do profesorado do centro na concreción do currículo e adaptación á realidade do centro.

[Escriba aquí]



- Colaborar cos titores na elaboración das ACIs, fundamentalmente na área de lingua castelá e literatura e lingua galega e literatura.
- Asesorar aos docentes sobre pautas que deben seguir co alumnado durante o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Dotar á aula de A.L. de diversos materiais educativos co fin de atender ao alumnado da mellor maneira posible.

A nivel de alumnas e alumnos, destaco os seguintes obxectivos:

- Traballar os prerrequisitos cognitivos básicos (atención, percepción, memoria, razoamento e seguimento de intrucións).
- Fomentar a discriminación auditiva.
- Desenvolver ao máximo o nivel fonolóxico (respiración, sopro, praxias, coordinación fonorespiratoria, conciencia fonolóxica, punto e modo de articulación dos fonemas, correcta articulación,...).
- Conseguir un nivel morfosintáctico axeitado.
- Aumentar o nivel semántico (léxico, vocabulario expresivo e comprensivo, definición de palabras,...).
- Mellorar as habilidades sociais a nivel pragmático (interrelacións, autoestima, autoconcepto,...).
- Adquirir/potenciar a lectoescritura (lectura e escritura tendo en conta a comprensión e a expresión).

Por último, a nivel familiar desenvolveranse os seguintes obxectivos:

- Informar aos pais/nais sobre temas relacionados cos problemas comunicativo-lingüísticos que presentan os seus fillas/os.
- Asesorar aos pais/nais sobre pautas de actuación cos seus fillas/os.

CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

A previsión de apoio educativo de alumnado con NEAE para este curso (independentemente de que poida xurdir algún novo caso), e de 25 alumnas/os.

[Escriba aquí]



ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

- Elaborarase un plan de intervención individual, partindo sempre do nivel de desenvolvemento do nena/o, polo que é necesario que nas primeiras sesións se realicen avaliacións para coñecer a súa destreza lecto-escritora, o seu nivel fonolóxico, semántico, morfosintáctico e pragmático, e así poder intervir co noso alumnado.
- Ao principio do curso estableceranse normas que regulen a conduta. Estas van proporcionar seguridade tanto as nenas/os como ao resto da comunidade educativa.
- É necesario darlle tempo aos procesos madurativos de cada alumna/o, evitando acelerar as aprendizaxes, o que supón respectar o ritmo natural de cada alumno.
- Resaltarase os logros da nena/o para fomentar unha autoestima e autoconceito axeitado, evitando ou minimizando a súa sensación de fracaso ou frustración.
- O número de sesións decidirse no Departamento de Orientación, en función das necesidades de cada alumna/o e a dispoñibilidade horaria.
- A coordinación entre profesores tutores e A.L. será a través de reunións periódicas.
- Fomentarase a comunicación coas familias, coa finalidade de intercambiar información sobre os avances e as dificultades nas aprendizaxes dos alumnos.
- Finalmente realizarase un seguimento da evolución e dos avances do noso alumnado durante o seu proceso de ensino-aprendizaxe.

RECURSOS HUMANOS, MATERIAIS E ORGANIZATIVOS

O centro debe garantir unha resposta de calidade a través dos recursos persoais, materiais e organizativos, tendo sempre presente a atención a diversidade.

[Escriba aquí]



RECURSOS HUMANOS

Os recursos persoais implicados máis directamente na atención educativa específica de apoio das alumnas/os e cos que colaboramos conxuntamente son:

- A xefa do DO.
- O profesorado titor.
- A especialista de PT.
- E outros profesores especialistas.

RECURSOS MATERIAIS

O centro educativo contará co equipamento material necesario para atender as necesidades educativas da totalidade do alumnado. Este material estará adaptado as necesidades educativas que cada nena/o.

Aparte deste material didáctico que posúe o centro, a aula de AL conta con recursos específicos para atender as necesidades do ámbito comunicativo-lingüístico que manifesta cada unha das nenas/os que atendemos. É dicir, material para intervir o ámbito fonético-fonolóxico, léxico-semántico, sintáctico e pragmático.

RECURSOS ORGANIZATIVOS

Para que exista unha resposta de calidade educativa ademais de contar cunha serie de recursos materiais e persoais, faise imprescindible unha serie de recursos organizativos que den coherencia ao sistema educativo do centro. Como o que se pretende é a atención á diversidade, o centro debe organizar a súa atención educativa en base o Proxecto Educativo e as súas concrecións curriculares.

A base das medidas organizativas debe ser a coordinación e colaboración entre os profesionais de apoio (especialistas en A.L. e especialista en P.T.) e entre todo o persoal docente, para acadar acordos, compromisos de colaboración, aceptación e implicación na atención educativa dos alumnos con N.E.A.E.

[Escriba aquí]



TEMPORALIZACIÓN

O horario ten un carácter flexible e aberto, dependo da evolución e dos avances do alumnado. Tendo en conta a dispoñibilidade horaria do profesorado especialista.

AVALIACIÓN

Avaliación inicial:

Ao principio do curso, realizarse unha avaliación, (para valorar a alta ou permanencia dos alumnos/as na aula de A.L.), onde se terán en conta os seguintes aspectos:

- Habilidades cognitivas básicas: atención, percepción, memoria, razoamento e seguimento de instrucións.
- Nivel fonético- fonolóxico, semántico, sintáctico, pragmático e lectoescritura.

Isto, xunto coa información proporcionada pola Xefa do D.O. e do mestre/a titor/a, permítenos establecer os obxectivos do programa de intervención.

Avaliación continua:

Ao longo do curso faremos reunións periódicas no D.O. e cos mestres titores, coa finalidade de valorar o correcto progreso do alumna/o, e facer, se fose preciso, as modificacións necesarias.

Avaliación final:

Ao finalizar o curso valorarase a consecución dos obxectivos educativos establecidos inicialmente. Ademais, elaboramos un informe final de cada alumna ou alumno.

Recursos para a avaliación:

- Observación directa das actividades diarias.
- Fichas de avaliación.
- Escalas de observación.

[Escriba aquí]



PROGRAMACIÓN DE AULA

Tendo en conta as N.E.A.E. do alumnado co que intervir e a súa diversidade será necesario realizar unha programación específica para cada nena/o.

ACTIVIDADES

Algunhas das actividades máis habituais que se levan a cabo na aula de Audición e Linguaxe son: actividades de relaxación, de sopro e respiración, praxias bucofonatorias, actividades de discriminación auditiva, de conciencia fonolóxica,.. Ademais de actividades para mellorar as habilidades cognitivas básicas. Exercicios de imitación de sons e ritmos. Actividades de lectoescritura e exercicios relacionados co ámbito pragmático da linguaxe.

COORDINACIÓN DOCENTE

A mestra especialista en Audición e Linguaxe manterase contacto cos titores/as do alumnado que acoden á aula de A.L. ademais de estar en contacto coa especialista en P.T. para tratar de unificar os criterios de intervención nos casos dos alumnas/os que reciben apoio das dúas mestras especialistas.

Cando se considere necesario, establecerase contacto cos pais dos alumnas/os co fin de proporcionarlles orientacións e implicalos no proceso de intervención.

Se fose necesario, manterase contacto con outros profesionais do E.O.E. e Organismos, Asociacións, Colectivos...

[Escriba aquí]



7.8.- DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR

PLAN ANUAL DE LECTURA PARA O CURSO 2023/2024

FUNDAMENTACIÓN:

Recollendo o que a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, dispón no artigo 2.2, o noso centro pretende levar a cabo o fomento da lectura e o uso da biblioteca, xa que consideramos que a lectura é un instrumento fundamental na formación integral da persoa.

Pensamos tamén que na sociedade actual hai unha tendencia bastante forte, na que os nenos e nenas contan, en moitas ocasións, cunha grande oferta de xogos multimedia e de actividades extra escolares, que fan que non se lea moito.

Creemos que os libros e a lectura deben formar parte activa na vida da escola. Utilizando a lectura de xeito sistemático na rutina escolar axudará a que o alumnado desenvolva a súa competencia lingüística tanto de xeito escrito coma oral.

Por iso a lectura e a BE, vai contribuír a unha mellora das súas aprendizaxes escolares, vai a poñer ao alumnado en contacto co mundo que os rodea, axudándoos a comprendelo, a relacionarse con el, a aprender a aprender, en definitiva a ser persoas mais libres, críticas, participativas e mellor preparadas para a vida.

O desenvolvemento da competencia lingüística (comprensión, reflexión, capacidade crítica, procura de información, análise,...) é un obxectivo prioritario no currículo educativo, de tal xeito que a consecución de óptimos niveis funcionais neste ámbito redundará nos gustos lectores do alumnado e na lectura como práctica continuada.

[Escriba aquí]



OBXECTIVOS

- ✓ Achegar o libro ó alumnado dende a etapa infantil, posibilitándolle o descubrimento das riquezas que conteñen os libros, as aventuras, os animais, as historias, os mundos reais e irreais...creando situacións de lectura e escritura.
- ✓ Mellorar a Competencia Lingüística do noso alumnado en relación á comprensión lectora, expresión tanto oral como escrita, no tratamento da información, na escoita e atención...
- ✓ Pór en práctica por parte de cada área, actividades específicas de comprensión lectora e expresión oral e escrita, axeitadas á mesma, non sendo só responsabilidade do seu traballo da área de lingua.
- ✓ Poñer a disposición do alumnado e profesorado recursos para traballar e empregar calquera material bibliográfico ou electrónico, creando oportunidades de ler e escribir textos diversos.
- ✓ Favorecer o emprego das Tics para o tratamento e uso da información.
- ✓ Favorecer o traballo compartido e mellorar o clima de convivencia entre os membros da comunidade educativa.
- ✓ Solicitar a colaboración das familias e a súa implicación no desenvolvemento da comprensión lectora dos seus fillos e fillas.
- ✓ Empregar os recursos da BE, que programará actividades de animación lectora, axudándoos no gusto polos libros.
- ✓ Para a posta en práctica do presente Plan especial é fundamental a implicación de todo o profesorado e do equipo de Biblioteca que motivará a todo o alumnado a realizar as diversas actividades.

O equipo da biblioteca terá unhas responsabilidades:

- ✓ Colaborar activamente na posta en práctica das actividades de fomento da lectura ó longo do curso.
- ✓ Programar actividades que esperten o gusto pola lectura e a expresión oral e escrita do alumnado.
- ✓ Colaborar co profesorado na procura de material para súa biblioteca de aula, ou material para o seu traballo.
- ✓ Motivar ao alumnado na produción das súas propias obras.

[Escriba aquí]



O profesorado tamén terá unhas responsabilidades :

- ✓ Elaborar actividades de comprensión lectora que se adapten ás características de cada materia en cada curso.
- ✓ Propoñer actividades de animación lectora.
- ✓ Aproveitar os recursos da Biblioteca escolar e facer propostas para actualizar os seus fondos.
- ✓ Buscar fórmulas atractivas e motivadoras para acadar no alumnado o gusto pola lectura.
- ✓ Potenciar os valores da lectura activa, propoñendo a intervención e o protagonismo do neno ou nena, recreando, interpretando, modificando textos, comunicando experiencias, colaborando en programas de animación lectora.
- ✓ Provocar o interese polos libros en xeral, buscando sempre o dominio de todo tipo de lectura e escritura.
- ✓ Potenciar o uso da BE para escoller as súas lecturas favoritas e facer o préstamo-devolución.

ÁMBITOS DE ACTUACIÓNS

O presente plan se desenvolverá a través de diferentes ámbitos de actuación:

- Ámbito da expresión oral
- Ámbito da lectura
- Ámbito da expresión escrita
- Ámbito das tecnoloxías da información e comunicación (TIC)
- Ámbito da Investigación
- Ámbito da creación
- Ámbito da relación, comunicación, participación no ámbito escolar e coas familias.

[Escriba aquí]



ORGANIZACIÓN DOS ESPACIOS E TEMPOS DE LECTURA

Está previsto que o Plan se desenvolva en todos os cursos e aulas ordinarias do centro (infantil, primaria, AL, PT):

- Lectura dos libros das Bibliotecas de aula de cada curso.
- Lectura do libro personal do alumnado nas respectivas aulas ou áreas.
- “Hora de ler” durante 30 minutos diarios despois do recreo.

ÁMBITOS DE APLICACIÓN

●NA FAMILIA: LER EN FAMILIA

- Ler e contarlles contos como rutina diaria.
- Favorecer a lectura en familia.

●NA ESCOLA: LER NA ESCOLA

- Realizar obradoiros de animación lectora.
- Empréstito de libros na aula e para o alumnado.
- Lectura e exposicións dos traballos do alumnado.
- Lectura en voz alta, nas distintas áreas educativas, así como en distintos soportes.

METODOLOXÍA

Para levar a cabo este plan se utilizará unha metodoloxía motivadora, activa, integradora, práctica, participativa e interdisciplinar.

Utilizando a lectura como vía de formación, de información e de lecer. Deste xeito o alumnado irá adquirindo un hábito lector que lle facilitará unha axeitada Competencia Lingüística.

[Escriba aquí]



ACTIVIDADES TEMPORALIZADAS:

Realización de actividades que impliquen a todo o centro como poden ser:

- ✓ Actividades interdisciplinares propostas pola nosa mascota “A Pantasma” en distintos momentos do ano, solicitándolle ó alumnado a invención de historias, poemas, debuxos, gravacións...
- ✓ Recitado de poemas propios e alleos.
- ✓ Lectura de historias inventadas polo alumnado.
- ✓ Cancións sobre poemas de autores coñecidos.
- ✓ Exposición dos traballos elaborados polo alumnado, para dalos a coñecer a toda a Comunidade Educativa, para dar unha maior proxección e valor, se cabe, ó traballo realizado no centro en relación co fomento da lectura.
- ✓ Lecturas de poesía de escritores coñecidos.
- ✓ Representacións teatrais, contacontos.

A. EDUCACIÓN INFANTIL

- ✓ Lectura por parte do profesorado de libros da BE axeitados a etapa de Educación Infantil.
- ✓ Formar a Biblioteca de aula con libros axeitados a idade, da BE.
- ✓ Realización de rutinas de escoita de contos, poesías, adiviñas, cancións, refráns... “na hora do conto”
- ✓ Realización de debuxos, imaxes dos contos acompañadas de pequenos textos escritos

A. EDUCACIÓN PRIMARIA

- ✓ Actividades para fomentar o hábito lector en torno a:
- ✓ Participación e busca de información para Proxecto documental anual e outras actividades propostas pola BE.
- ✓ Lecturas escollidas libremente polo alumando
- ✓ Ler en todas as áreas.
- ✓ Lectura silenciosa e en voz alta colectivamente, dos libros propostos pola titoría.
- ✓ Creación de contos, poesías, narracións, exposicións de traballos ...

[Escriba aquí]



- ✓ Lectura individual silenciosa e/ou colectiva na “hora de ler” despois do recreo, podéndose desenvolver actividades sobre a lectura.
- ✓ Uso das Tics para facer presentacións sobre o temas propostos pola BE reflectido neles a información recollida durante o curso.
- ✓ Os padriños e madriñas lectoras len contos ao alumnado de infantil.

ACTIVIDADES PUNTUAIS

Para completar este plan se organizarán tamén no colexio diversas actividade puntuais ao longo do curso tales como:

- ❖ Obradoiros
- ❖ Exposicións
- ❖ Concursos
- ❖ Celebracións literarias coincidindo coas conmemoracións do centro
- ❖ Diálogos teatrais na aula
- ❖ Contacontos
- ❖ Representacións teatrais

AVALIACIÓN

Este Plan Anual de Lectura será revisado e actualizado anualmente. Ao finalizar o curso escolar realizarase unha memoria na que quedarán reflectidas non só as valoracións relativas ao desenvolvemento deste plan, senón tamén as propostas de mellora para o seguinte curso.

RECURSOS

Persoais:

- ✓ Todos os membros da comunidade educativa están implicados neste Plan Anual de Lectura, sendo todo o profesorado o que guía ao alumnado na consecución dos obxectivos propostos.
- ✓ Equipo de Biblioteca formado por profesorado de distintos niveis educativos.
- ✓ O alumando colaborando nas actividades que se propoñen dende a BE, e dende outros equipos do centro.

[Escriba aquí]



Materiais

- ✓ Biblioteca: O centro conta cunha Biblioteca equipada con mobiliario e fondos documentais de todo tipo (libros, revistas, películas, xogos, CD – ROM, DVDs, etc.) equipo informático, impresora, programas informáticos, que axudan a desenvolver as destrezas para a consulta eficaz das distintas fontes informativas.
- ✓ Mesas e sillas para facer traballos, unha alfombra para os que queiran ler no chan.
- ✓ Todas as aulas teñen unha biblioteca de aula con diversidade de libros escollidos segundo a idade do alumnado.

PROXECTO LECTOR 2023-2024

XUSTIFICACIÓN

Coa finalidade de garantir a consecución dos obxectivos do Decreto 105/2014, do 4 de Setembro polo que se establece o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9/10/2014), este Proxecto Lector tenta conseguir que o alumnado do CEIP Raíña Fabiola posúa as competencias lingüísticas necesarias para o seu desenvolvemento integral, contribuíndo a fomentar a lectura, escritura e as habilidades no uso, tratamento e produción de información dende a etapa infantil a tódolos cursos de primaria, dende tódalas áreas e materias, dándolle a todo o alumnado a información e os recursos que lles faciliten as aprendizaxes para a adquisición das competencias clave e posibilitando a igualdade educativa. Ademais de apoiar o profesorado no seu traballo, facilitándolle o acceso a materiais informativos diversos e apropiados para as súas clases e áreas.

- ✓ Apoiar e facilitar a consecución dos obxectivos educativos do PEC.
- ✓ Favorecer o achegamento a toda a comunidade educativa, a libros informativos, de ficción, e outros recursos informativos, en soporte impreso, audiovisual ou electrónico, presentes na biblioteca ou dispoñibles a través de internet.
- ✓ Propiciar no alumnado a adquisición dunha competencia lectora suficiente que lle permita abordar as tarefas escolares e as necesidades da súa relación co entorno de forma autónoma e produtiva.
- ✓ Contribuír a mellorar as habilidades de lectura e escritura, así como á adquisición de competencias no uso, tratamento e produción de información.

[Escriba aquí]



- ✓ Motivar e fomentar entre o alumnado o hábito na lectura voluntaria como fonte de pracer que o estimule a dedicar a lectura no tempo de lecer.
- ✓ Facilitar experiencias gratas de encontro e convivencia entre persoas, libros e recursos en xeral.
- ✓ Provocar no alumnado a necesidade de coñecer, investigar, crear a través da busca de información e dunha lectura motivadora e crítica, no linguaxe oral e escrito.
- ✓ Apoiar ao alumnado na aprendizaxe e na práctica de utilización da información.
- ✓ Organizar os recursos humanos e materiais para conseguir a rendibilidade máxima dos mesmos (profesorado, bibliotecas de aula,...).
- ✓ Facilitar os recursos e servizos da biblioteca.
- ✓ Familiarizar ao alumnado co uso das bibliotecas de aula.
- ✓ Implicar ao alumnado, profesorado e familias no Proxecto Lector.
- ✓ Colaborar coas diferentes institucións que posibiliten o fomento da lectura (Xunta, Concello, ANPA, Editoriais, outras Bibliotecas ...)
- ✓ Levar a cabo o seguimento e avaliación do Proxecto Lector.
- ✓ Coñecer e utilizar as TIC como instrumento de traballo e aprendizaxe.
- ✓ Planificar propostas educativas comúns a todo o Centro.

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

- ✓ Utilizarase a Biblioteca de forma sistemática, concibíndoa como centro de recursos e apoio á aprendizaxe para tódalas áreas.
- ✓ Posibilitarase un fácil acceso ao material da Biblioteca a través da biblioteca da aula.
- ✓ Dedicarase un tempo diario á lectura, “Hora de ler”, este curso 2023-2024 será de 30 minutos despois do recreo, neste tempo, todo o alumnado do centro dedicará á lectura (lectura silenciosa, lecturas guiadas, lectura en voz alta, a hora do conto,...), o alumnado estará sempre acompañado do profesorado.
- ✓ Adecuarase a cada nivel as estratexias de animación á lectura.
- ✓ Motivarase ao alumnado ao longo do curso a través de tarefas de animación,
- ✓ Fomentarase e potenciarase a lectura e a entoación no alumnado do primeiro e segundo curso de primaria.
- ✓ Fomentarase a participación en concursos de tipo literario, e na elaboración de carteis de animación á lectura.
- ✓ Espertar a necesidade de elaborar as súas propias creacións literarias.
- ✓ Conmemorar de forma lúdica datas especiais como o día das bibliotecas, o día do Libro, Rosalía de Castro, das Letras Galegas.
- ✓ Elaborar traballos documentais por parte do alumnado.

[Escriba aquí]



- ✓ Expor traballos plásticos e literarios no blog da biblioteca.
- ✓ Implicar as familias con actividades como a mochila viaxeira, para potenciar dende as casas a sensibilización do apego á lectura como ferramenta importante para as aprendizaxes.

A BIBLIOTECA ESCOLAR

A Biblioteca concíbese como un centro de recursos organizado, que pretende favorecer o Proxecto Lector, apoiar a aprendizaxe activa de todas as áreas do currículo e posibilitar a igualdade educativa do alumnado.

• PROFESORADO:

O Equipo de Biblioteca que colaborará no desenvolvemento do Proxecto Lector e no funcionamento da Biblioteca estará formado por profesorado do claustro que se apunte a este equipo no primeiro claustro do inicio do curso no mes de setembro.

A profesora de relixión Teresa Garabal Sánchez seguirá como coordinadora da Biblioteca.

E o profesorado de apoio ao equipo da biblioteca e o profesorado titor/a.

OBXECTIVOS DO EQUIPO DA BIBLIOTECA

- Dinamizar a Biblioteca de xeito que sexa un importante lugar de referencia da actividade escolar e para toda a comunidade educativa.
- Elaborar un plan de formación do profesorado ligado á biblioteca para mellorar a xestión e dinamización.
- Organizar e colocar os fondos documentais.
- Diseñar actividades de fomento da lectura e da escritura, e apoio ao currículo.
- Atender as necesidades e demandas dos diferentes usuarios/as.
- Utilizar a Biblioteca Escolar escollendo fondos para a utilización da biblioteca de Aula, para a consecución dos obxectivos curriculares e de fomento da lectura, competencias básicas e tratamento das TIC.
- Reorganizar os fondos actuais, expurgo, catalogación, renovación dos mesmos e informatización (programa MEIGA).
- Informar ao profesorado e alumnado sobre a forma de adquirir os libros para préstamo na aula ou persoal.
- Continuar coas actividades de organización dos recursos bibliográficos da biblioteca: Clasificar, ordenar, colocar, expurgar, reparar, catalogar, informatizar... os libros segundo a CDU e o nivel lector mediante distintivos de cores.

[Escriba aquí]

- Dotar dun carné de biblioteca a todo o alumnado e profesorado que se incorpore de novo ao noso centro.
- Rexistrar o novo material.
- Realizar propostas de colaboración ás familias para que dende a casa leven tamén a cabo tarefas de animación á lectura cos seus fillos/as.
- Actualizar e mellorar, as normas para o uso da biblioteca de forma consensuada co profesorado.
- Participar en xornadas, reunións, cursos que permitan ampliar a formación e información do noso equipo de biblioteca.
- Publicitar a dinamización da Biblioteca a través da páxina web do centro, mantendo informada a toda a Comunidade educativa das actividades de dinamización, novidades editoriais, recomendacións bibliográficas e o noso catálogo co programa Meiga.
- Colaborar cos departamentos de Normalización Lingüística, TIC, Actividades Complementarias e Orientación, tamén cos distintos cursos nas actividades que estes realicen ao longo do curso.
- Elaborar materiais, en coordinación coas titorías, dos traballos realizados nas aulas que formarán parte dos fondos da biblioteca.
- Proporcionar os recursos necesarios para o desenvolvemento do Proxecto elexido dende a Biblioteca, e outros proxectos dos distintos niveis.
- Avaliar periódicamente o funcionamento da Biblioteca.

Profesorado de apoio do Equipo de Biblioteca.

- Colaborar co equipo de BE no que precise.
- ✓ Realizar propostas de lectura para o nivel do alumnado do seu grupo.
- ✓ Demandar os fondos que considera adecuados aos seus niveis, tanto de apoio ao currículo como de literatura de ficción.
- ✓ Colaborar na preparación de aquelas actividades que podan animar a lectura.

Profesorado Titor/a:

- Fomentar o interese do alumnado pola lectura e o uso da Biblioteca de Aula e do centro.
- Colaborar co equipo de BE na preparación das actividades, se fose necesario.
- Levar a cabo nas súas titorías as actividades propostas polo equipo de biblioteca.
- Lembrar as normas da biblioteca e coidar do seu cumprimento.
- Recoller aqueles traballos que dende as súas titorías poden formar parte dos materiais da biblioteca ou poderían publicarse a través da web.

[Escriba aquí]

HORARIO DE BIBLIOTECA:

O curso 2023-2024 haberá un horario para o préstamo-devolución dos materiais en horario lectivo de 9 a 14h e de 16 a 18h, para toda a comunidade escolar, así como de traballo para o profesorado do equipo da BE, no que realizaranse actividades de traballo específico de BE.

Traballo específico da Biblioteca Escolar:

- Facer o préstamo e devolución dos fondos.
- Cuñar o selar libros, DVD, CD...
- ✓ Sección clasificación, pegar gomets (primeros lectores, lectores autónomos, natureza, historia...
- ✓ Protección con adhesivo (tejuelos, cantos libros primeiros lectores.....)
- ✓ Seleccionar (donacións, compra, correccións...).
- ✓ Organizar e colocación de libros (por editoriais, orden alfabética...)
- ✓ Xestión de catalogación (informatizar libros...)
- ✓ Sección imprimir (comprobar en ordenador tejuelos, imprimir números,...)
- ✓ Sección pegar tejuelos en libros, dvd,...
- ✓ Colocar e ordenar (libros devolucions, novidades, ...)
- ✓ Reparar libros, expurgar fondos en mal estado e obsoletos...
- ✓ Sección blog biblioteca da web do centro.
- ✓ Etc .

• **Fondo documental:**

O fondo documental conta actualmente cun total de **13.970** fondos catalogados, con material impreso e non impreso: libros, xornais, revistas, mapas, enciclopedias; material audiovisual: cintas de música, CD, películas DVD, diapositivas, CD-ROM; outros materiais: ordenadores, globos terráqueos, esqueleto, xogos, quebracabezas, etc.

❖ **Instalacións e equipamento:**

O espazo da Biblioteca sitúase na primeira planta do Centro, as características do mobiliario facilitan o cumprimento dos obxectivos propostos para axudar ao desenvolvemento de actividades como:

- Ler, escoitar, consultar...
- Elaborar materiais.
- Actividades de documentación, catalogación.
- Atención a usuarios, préstamo-devolución individual e colectivo.
- Lectura recreativa.

[Escriba aquí]



- Animación á lectura.
- Centro de recursos.
- Encontro con escritores, ilustradores...
- Traballo de biblioteca...

AVALIACIÓN

Ao finalizar este curso 2023/2024 realizarase unha memoria onde se recolleran todos os aspectos realizados así como a súa valoración tanto se foran positivos ou negativos atendendo a diferentes criterios:

- Análise e valoración do equipo de apoio da biblioteca.
- Aplicación e repercusión na práctica educativa das actividades programadas.
- Participación do profesorado e alumnado nas diferentes actividades.
- Grado de consecución dos obxectivos.
- Optimización dos recursos bibliográficos utilizados.
- Organización dos recursos humanos e materiais.
- Logros e incidencias do proxecto realizado.
- Propostas de mellora e, no seu caso, de continuidade do traballo.


[Escriba aquí]

7.9.- DINAMIZACIÓN DAS TIC.

0. INTRODUCCIÓN

Desde a Comisión TIC queremos salienta a idea que subxace na nosa visión: Queremos ir máis aló de introducir ou integrar as TIC no ensino e creemos, como Jordi Vivancos, que *é necesario lograr que as TIC impregnen o currículo, é dicir, que se fagan invisibles e estean permanentemente a disposición de alumnos e profesores, como instrumento de traballo intelectual e de construción compartida e creativa de coñecemento.*

A competencia en Tecnoloxías audiovisuais da comunicación e da información **consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento.** Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.



Seguindo este modelo deseñamos, estes módulos para que o noso alumnado se integre como cidadáns na Sociedade do Coñecemento, e polo tanto deben ser:

1. Competentes no uso das Tics.
2. Competentes na procura, análise e avaliación de información.
3. Competentes na xeración de contidos multimedia.
4. Capaces de contribuír cos seus propios contidos así como colaborar no filtrado de contidos relevantes para a súa comunidade.
5. Competentes na toma de decisións e na resolución de problemas.

Dende a Comisión TIC do CEIP Raíña Fabiola, o pasado curso 2022/2023 asumíuse o reto de redactar o Plan dixital do centro. Unha vez feito e con novos integrantes no actual curso 2023/2024, pretendemos retomar as tarefas pendentes do PLAN TIC anual e comezar a seguir as liñas do PLAN DIXITAL.

- Seguimos precisando indagar e realizar **un inventario completo dos recursos técnicos** dos que dispomos no centro e **das necesidades sentidas polo profesorado para o desenvolvemento da práctica docente** nun entorno flexible onde as incorporacións dixitais sexan o máis transparentes posibles. Queremos ter o plano real, pero **tamén o desexado** para poder definir estratexias de futuro.
- Por outra banda aproveitaremos as posibilidades que nos aportou a ferramenta SELFIE para facer unha análise da situación da que partimos.

O Plan Dixital de Centro enténdese como un instrumento que debe favorecer e impulsar o uso dos medios dixitais tanto nos procesos de ensino-aprendizaxe como no resto de procesos de xestión do centro, sempre co obxectivo último de colaborar no desenvolvemento integral do alumnado. Por esa razón, debe ser un instrumento que se integre no Proxecto Educativo, no Proxecto de Dirección e na Programación Xeral Anual. Ademais, é imprescindible dotar ao Plan Dixital dun enfoque de centro sobre o uso **dos recursos pedagóxicos dixitais dispoñibles ou dos que podemos aos poucos dotar ao centro como novidades didáctico-pedagoxicas**, para aproveitar ao máximo as súas posibilidades, de modo que se converta nun proxecto compartido por todos os membros da comunidade educativa, que dea coherencia e guíe o uso das tecnoloxías. Será un instrumento que forme parte do Proxecto Educativo, o Proxecto de Dirección e a Programación Xeral Anual.

"Imaxinen o impacto de millóns de mozos con ideas frescas e rebordantes de enerxía -armados coas ferramentas máis poderosas da historia- incorporándose á poboación activa. Esta ondada non fixo máis que comezar".

(Juan Luis Cebrián)

1. PLAN TIC

As novas tecnoloxías están a ter unha gran importancia na sociedade actual e, polo tanto, na nosa vida diaria. A escola non debe nin pode quedar á marxe desta realidade e ten que ser quen **de formar alumnos/as** que ao rematar a súa formación teñan acadado unha competencia dixital que lles permita afrontar o seu futuro con certas garantías de éxito.

Vivimos tempos onde a sociedade está hiperinformada e hiperconectada. As TIC, as TAC e as TEP son ferramentas indispensables na escola xa que son unha fonte de adquisición de información, canle de comunicación interpersonal, facilitadoras do traballo colaborativo e de intercambio de experiencias e ideas, medio de expresión e creación, xestor eficaz de recursos, fonte de recursos educativos e un longo etcétera.

O feito de incorporar as TIC a educación non só é un reflexo da sociedade se non que pódennos dotar dun poderosa ferramenta para personalizar a educación e adaptala as necesidades do alumnado permitindo a posibilidade de diferentes ritmos de aprendizaxe.

Segundo recolle o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no presente curso elaborárase un proxecto de educación dixital que formará parte do noso proxecto educativo.

Tamen no Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, fálanos no artigo 8. C sobre as competencia STEAM. Asemade, máis adiante, indícasenos que:

Nesta etapa, iníciase o proceso de alfabetización dixital que supón, entre outros, o acceso á información, á comunicación e á creación de contidos a través de medios dixitais, así como o uso saudable e responsable das ferramentas dixitais.

*Ademais, o uso e a **integración destas ferramentas nas actividades, experiencias e materiais da aula** poden contribuír a aumentar a motivación, a comprensión e o progreso na adquisición de aprendizaxes das nenas e dos nenos.*

As orientacións da Unión Europea insisten na necesidade de adquisición das competencias clave como condición indispensable para lograr que os individuos alcancen un pleno desenvolvemento persoal, social e profesional que se axuste as demandas dun mundo globalizado.

[Escriba aquí]

EQUIPO TIC/ comisión TIC no curso 2023/2024

O equipo TIC está formado por os seguintes membros do claustro:

- Coordinadora: Miriam Pardo Moure
- Juan José Figueirido García
- María Alonso Fachado
- Noelia Fiaño bestilleiro

2. SITUACIÓN DO CENTRO

Dende o CEIP Raíña Fabiola quérese apostar pola integración das TIC, pero para elo se precisará nos vindeiros anos, e en varias fases organizar e dotar os espazos de recursos didácticos, máis aló dos ordenadores/ portátiles. Na actualidade a aula de informática conta con doce ordenadores conectados en rede e a internet. Tamén temos un proxector fixo e encerado dixital en dita aula, pero moi obsoleto. As aulas de PT, de AL e o espazo destinado a Biblioteca non contan con PDIs. Tampouco a aula de música se atopa nunha dotación tecnolóxica óptima.

Todo o profesorado do **centro conta cunha conta de correo electrónico** que serve de canle de comunicación entre todos. Toda a información administrativa é enviada por parte da dirección ao profesorado a través do correo electrónico.

O centro conta cunha **páxina web aloxada no servidor da Xunta**, que serve de fiestra para que toda a comunidade educativa estea informada de todo o que ten que ver coa vida escolar dos seus/súas fillos/as. Ademáis, dentro da páxina web do centro cóntase cun **aula virtual Moodle** para xestionar cada curso.

A Biblioteca conta con tres ordenadores, un deles para xestionar o préstamo a través do programa MEIGA.

Na sala de mestres hai catro ordenadores de sobremesa para o emprego ao longo da xornada.

O despacho do equipo directivo conta con tres ordenadores así como outros dous na dependencias administrativas con dúas fotocopiadoras.

O despacho de orientación está equipado cun ordenador.

O curso pasado e este, o alumnado de 5º e 6º recibirá unha hora semanal de clases de robótica e deseño 3D como parte de un proxecto fomentado dende a ANPA.

[Escriba aquí]

ABALAR

No centro participamos no Proxecto Abalar co obxectivo de integrar as TIC no día a día da práctica educativa.

Por este motivo ó inicio do proxecto dotouse as aulas de 5º e 6º de educación primaria de o equipamento de ordenadores portátiles.

Para elo ditas aulas dispoñen de conectividade Wi-fi para que o alumnado poda acceder aos contidos dixitais.

A finais do curso pasado, as aulas de infantil e primeiro e segundo de Primaria foron dotadas de novas PDIs.

3. OBXECTIVOS

Por parte do equipo TIC estase levando a cabo unha **actualización e modificación da Aula Virtual do centro** co obxecto de mellorar o seu uso

Por outra banda procederase a **elaboración do inventario do centro** e coordinarase a elaboración do Plan Dixital do Centro.

Búscase dende este equipo a **coordinación con outros equipos** para realizar actividades conxuntamente.

Dependendo das necesidades, o equipo TIC tamén poderá realizar **pequenas formacións para todo o claustro**.

Os nosos obxectivos para o presente curso son :

❖ A curto prazo e continuadas

➤ Alumnado

- Aprender o manexo básico dos ordenadores.
- Introducirse no uso do procesador de texto e presentacións
- Aprender a buscar, seleccionar e valorar información en Internet
- Organizar e tratar mediante medios informáticos a información previamente obtida
- Utilizar programas e contornos que faciliten a aprendizaxe das diferentes áreas do currículo.
- Usar materiais tecnolóxicos didácticos vencellados á realidade virtual, aumentada, programación ..etc en función da dotación que se lle oferte ao equipo TIC.

➤ Profesorado

- Adquirir unha competencia dixital adecuada as funcións do profesorado.
- Realizar a xestión académica do alumnado mediante o programa XADE.
- Comunicarse coas familias a través de ABALAR.
- Afondar no manexo da Aula Virtual do centro e nas súas posibilidades.
- Introducirse no uso do procesador de texto e presentacións e descubrir as posibilidades de aplicación desas ferramentas no traballo docente
- Introducir as aplicacións informáticas na aula
- Usar internet como ferramenta de busca de información no seu traballo diario e como medio de comunicación co resto da comunidade educativa
- Mellorar a comunicación directa co profesorado do propio centro, doutros centros e coa Administración educativa mediante o emprego do correo

Electrónico

- Facilitar o acceso da informática ao alumnado con NEAE e nas tarefas de apoio e reforzo educativo a través de comunicadores, dispositivos ou Apps específicas
- Continuar, coa colaboración do profesorado, a páxina web do centro.
- Descubrir as posibilidades de novas ferramentas educativas.

❖ A longo prazo

➤ Alumnado

- Favorecer un uso máis educativo dos medios
- Espertar o interese por aprender ao apoiarse nun soporte audiovisual de comunicación
- Descubrir ou reforzar as aprendizaxes de aula mediante o uso das TIC
- Adquirir estratexias intelixentes de busca, tratamento, procesamento e presentación da información
- Desenvolver o sentido crítico respecto á información recibida destes medios
- Fomentar o traballo cooperativo entre o alumnado
- Estimular a creatividade e a imaxinación utilizando estes medios de comunicación e expresión
- Superar as barreiras xeográficas que o alumnado ten, para se comunicar cos seus compañeiros/as de clase, colexio, doutros colexios, doutras cidades, países ... tanto no colexio como no seu fogar
- Potenciar a integración do alumnado con NEAE mediante o emprego de materiais adaptados a cada caso con dotación de recursos didácticos tecnolóxicos
- Favorecer a superación das limitacións de acceso ás TIC derivadas das desigualdades sociais
- Familiarizarse coa nova forma de aprender que o uso destes medios aportan: formación virtual onde non é necesaria a coincidencia espacial nin temporal
- Concienciarse do uso responsable das tecnoloxías.

➤ Profesorado

- Coñecer e usar cos/as alumnos/as as TIC para descubrir e reforzar contidos curriculares
- Empregar programas de apoio a alumnos/as con NEAE e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes
- Favorecer a superación das limitacións de acceso ás TIC derivadas das desigualdades sociais
- Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as TIC
- Empregar as TIC para o traballo cotián e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades ...
- Consultar e obter información a través das TIC, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente
- Favorecer o intercambio de coñecementos, experiencias, iniciativas con outros/as profesores/as
- Lograr a integración das TIC como medio dinámico de comunicación entre o profesorado e as familias a través da páxina web, correo-e,...

▪ **Obxectivos e tarefas específicas de organización e posta en marcha da nova comisión TIC no curso 2023/2024**

1. Renovar inventario e inventariar novo material. Carpeta de garantías
2. Expurgo de material TIC inservible e obsoleto
3. Crear un sistema de empréstimo de material TIC, normas de uso, criterios de empréstimo e de dotación de recursos ao profesorado en base a uns requisitos.
4. Dotar de material TIC novo en dúas FASES de compra
5. Actualización continuada da paxina web.
6. Establecer no curso 2023/2024 os días de píldora TIC
7. Valorar no Claustro o cambio da aula de informática
8. Establecer un ou dous produtos/ investigación TIC no curso moi sinxelos para romper xeo e brecha dixital entre os mestres
9. Investigar sobre a posibilidade de polos creativos ou preparar espazos no caso de que ao final lles sexan dados a todos os centros (previsión)
10. Artellar para implantar nos vindeiros cursos liñas de “investigación TIC” , libre ou a través de formación. AR, programación, edición, ...
11. Crear un mecanismo de informar incidencias de mantemento, para coordinar o xeito de dar pronta resposta a quen lle corresponda (membros TIC ou persoal de mantemento informático).

4. METODOLOXÍA

As TIC na escola deben entenderse integradas nas diferentes áreas curriculares. O alumnado deberá empregarlas para reforzar as aprendizaxes recollidas no currículo. Pódese fomentar a aprendizaxe a través dos medios informáticos a par que, en moitas ocasións, o alumnado xoga ou navega por Internet.

[Escriba aquí]

Como métodos de traballo, e tan só a nivel orientativo, propóñense os seguintes:

- Emprego de programas ofimáticos para o manexo e tratamento da información e a presentación de traballos.
- Xogos onde poñan en práctico o aprendido.
- Vídeos divulgativos e documentais de interese.
- Proxectos de clase para afondar, coa axuda das TIC, as aprendizaxes realizadas noutras materias ao tempo que se afianzan as habilidades adquiridas no manexo das ferramentas informáticas.
- Creación de blogues.
- iPads e tarxetas itunes con Apps educativas. Dende edición de vídeos ata xogos de programación e AR, surtindo por prioridades e necesidade.
- Escornabots, Bee-bot e blue bot en infantil para comezar cos programación dende un punto de vista lúdico.

6. ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS

Dado que cada aula conta cun equipo informático conectado a internet, sería preciso dar unha volta á organización dos espazos aulares e ao da “aula de informática” e pensar a mellor resposta para que sexa unha realidade o feito que xustifica o parágrafo co que se abre este plan TIC.

*...necesario lograr que as TIC impregnen o currículo e que se fagan invisibles e **estean permanentemente a disposición de alumnos e profesores**, como instrumento de traballo intelectual e de construción compartida e creativa de coñecemento.*

Esa permanencia só a garante ter varios dispositivos na aula sen que o alumnado esté supeditado a gardar “pola hora de informática”, nun mundo no que extra muros do centro, as TICs teñen como maior característica “a inmediatez” da búsqueda e tratamento de información.

Isto permitiría tamén que, a área de lingua estranxeira (inglés) puidera contar cun horario non completo, pero sí amplo, para o tratamento de información, tendo unha zona no colexio onde poder contactar con tecnoloxía e espazo preparado para falar con centros doutros países (por poñer un exemplo), tendo unha boa equipa de son para fomentar as destrezas orais (as máis difíciles de adquirir e as máis empobrecidas a nivel de desenvolvemento), grabar e facer creacións para potenciar o *speaking*. A hora empregada en inglés tería un horario fixo semanal, mentres que o outro horario sería solicitado á comisión TIC polos titores para poder facer actividades de diferente tipo. Tamén sería importante pensar nunha zona CROMA no centro.

Isto implicaría pensar a nivel de Claustro como abordar no cambio de espazo e reubicación dos ordenadores, as necesidades do proxecto de robótica de 5º e 6º.

Trataríase en definitiva de valorar a posibilidade, como noutros centros educativos punteiros, de levar definitivamente os ordenadores ás aulas, creando así na etapa de Primaria un recuncho TIC por aula dotado de 4 ordenadores, de tal xeito que, para os obxectivos plantexados en canto a búsqueda e tratamento de información, non houbera que asisitir a un “*aula de informática per se*”, se non que a búsqueda puidese ser inmediata, contínua, diaria e dirixida en momentos en pequeno grupo polo mestre – titor ou especialista e non supeditada a facelo puntualmente na aula de informática. Trataríase polo tanto de replantexar, como se argumentaba en parágrafos anteriores, a dimisión e inmersión pedagóxica das TICS máis aló dun espazo semanal na escola, e a organización e uso pedagóxico da actual aula de informática, dándonos así uns anos para transformala nun espazo multifuncional, onde tamén as TICS tivesen cabida (lugar – estudo de grabacións, radio, laboratorio tecnolóxico- comunicativo...etc).

Ter os ordenadores nas aulas implica a nivel de programación diaria, semanal a anual do profesorado, a realidade de implementar as TICS na súa aula co seu alumnado por inmersión contextual no día a día, a súa formación persoal contínua para as TICS e garante o desenvolvemento competencial tecnolóxico de mestrado e alumnado.

Tamén a biblioteca e a súa transformación a moitos niveis, implicarían dispor dun recuncho TIC e de recursos didácticos tecnolóxicos.

6. ALUMNADO CON NEAE E TRATAMENTO DA DIVERSIDADE

Moitas formas de diminución física ou psíquica limitan as posibilidades de comunicación e o acceso á información. En moitos destes casos o ordenador, incluso con periféricos especiais, poden abrir camiños alternativos que resolvan estas limitacións.

O alumnado con altas capacidades ou con necesidade de recibir un reforzo educativo, pode realizar actividades de ampliación ou complementarias e de recuperación empregando estas ferramentas tecnolóxicas con programas axeitados.

Non debemos esquecer que o centro ten a obriga de realizar unha labor compensatoria das desigualdades socioeconómicas do alumnado, facilitando un acceso preferente ás TIC aos alumnos/as que non dispoñan delas no seu fogar, evitando a brecha dixital, a cal quedou manifestada claramente durante o curso 2019/2020 durante a pandemia (a nivel de recursos de software e de conexión á rede).

O incremento do alumnado con TEA na sociedade é un motivo de peso para aprender a manexar materiais que faciliten as dúas grandes áreas de déficit no TEA que son a comunicación e a socialización, ademais de exemplificacións na teoría do pensamento.

A petición aos organismos competentes de comunicadores a través dos informes de Departamento de orientación, axudarán a estes nenos, grazas á tecnoloxía, dar un paso cara a inclusión dende a axuda a acadar unha canle (tecnolóxica) de comunicación.

Tamen tendo soportes tipo iPad, na que a través de contos, e axendas dixitais gratuitas tipo EMINTZA se poda organizar o seu pensamento e xornada escolar.

As características dos dispositivos para as NEAEs deben ser:

- *Que fomenten a aprendizaxe.*
- *Que sexan sinxelas de usar.*
- *Que estean deseñadas con flexibilidade, pero dirixidas a unha única función.*
- *Que teñan un interface claramente distinguible.*
- *Que permitan modificar o tempo da actividade.*
- *Que os contidos sexan adaptables e flexibles.*
- *Que sexan divertidas.*

[Escriba aquí]

Outras:

Boardmaker, Dictapicto , SOYvisual, día a día, i-secuencias, ...

7. AVALIACIÓN

Que avaliamos:

- Obxectivos e actividades: grao de consecución e adecuación.
- Metodoloxía
- Profesorado: grao de implicación, formación e recursos empregados
- Materiais multimedia creados
- Equipos informáticos: avarías e deterioro

Cando avaliamos: finais de cada trimestre, o cadro de tarefas da comisión TIC e a finais de curso.

***Avaliación inicial**

- Do profesorado: nivel de formación nas TIC
- Do alumnado: nivel de competencia dixital

✓ **Avaliación continua**

- Aportará a información que permita a realización dos axustes necesarios co fin de acadar os obxectivos inicialmente propostos
- Esta avaliación será, polo menos, trimestral e será realizada polo coordinador do plan e os/as coordinadores/as de ciclo

*** Avaliación final**

Nivel de consecución dos obxectivos anuais da comisión TIC

[Escriba aquí]

8. PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Unha axeitada formación do profesorado vai ser básico para que o desenvolvemento deste plan acade os obxectivos previstos inicialmente.

Así, potenciaremos a realización de actividades de formación, a ser posible no propio centro con tres píldoras bimensuais ou trimestrais que poden ser dadas por calquer membro do Claustro con vantaxe de coñecementos.

Realizaremos formación interna para mellorar a competencia no manexo das ferramentas da nosa aula virtual pero para iso precisárase a implicación do Claustro, pois a comisión TIC ten unha labor de asesoría pedagóxica, nunca técnica.

Tamen, máis aló da guía e asesoría da comisión Tic, cada Mestre tense que facer cargo dos cursos de formación que ofertan os propios CAFI en rede.

8. PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

8.1.-SECCIÓN BILINGÜES.

Contamos no centro con Seccións Bilingües:

3 seccións bilingües en 5º e 6º de Educación primaria.

a) Profesorado que participa:

Juan José Figueirido García imparte a Sección bilingüe en 5º e 6º de Educación Primaria, na materia de Proxecto Competencial, e é Coordinador de Seccións Bilingües e Coordinador do auxiliar de Conversa: Benjamin Murden.

b) Alumnado que participa.

CURSO	ALUMNADO	PARTICIPANTES
5º A	17	12
5º B	18	12
6º	25	12

8.2.- PLAMBE.

O noso centro segue a formar parte do Programa de Melloras de Biblioteca Escolares (PLAMBE).

8.3.- PLAN PROXECTA+

O Plan Proxecta Plus é unha iniciativa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en colaboración con diferentes organismos, dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas educativos que fomenten o traballo cooperativo, interdisciplinar e competencial pero que ademais estean comprometidos coa consecución dos obxetivos de desenvolvemento sostible da axenda 2030.

Dende o centro solicítouse a participación nos planes:

- Fotografía en curso
- Proxecto Terra.

8.4.- VOZ NATURA

Programa de educación medioambiental para implicar a comunidade escolar na recuperación e defensa da natureza.

No presente curso escolar temos intención de traballar no horto. O terreo adicado ao cultivo e invernadoiro que se atopa dentro do recinto escolar. Este espazo repártese en partes iguais a cada titoría, polo que cada unha dedicará esa parcela ao cultivo que considere mais adaptado aos seus intereses.

As tarefas que se levarán a cabo serán:

Preparación do terreo: sega das herbas.

Arado de todo o terreo.

Abonado e regado do mesmo

Parcelación e sinalamento das parcelas.

Mercar sementes e diferentes plantas.

Cada titoría adecuará os seus tempos e cultivos, así coma as súas colleitas.

Neste proxecto participan todas as titorías do centro.

[Escriba aquí]

9.- PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.

Cada membro do Claustro está realizando cursos relacionados cos seus intereses ou especialidades.

10.- PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

A avaliación do funcionamento do Centro farase continua partindo de:

- Reflexión
- Identificación das prioridades educativas da comunidade escolar.

Estructura organizativa:

- Participación dos alumnos e as súas familias na vida do Centro.
- Adaptación de obxetivos e contados ás posibilidades reais dos alumnos.
- Estratexias de avaliación inicial, formativa do alumnado e da resposta educativa.
- Instrumentos de avaliación.
- Organización de tempos e espazos.
- Programas de diversificación curricular.
- Principios metodolóxicos.

11.-HORARIOS

11. 1.- HORARIO LECTIVO DE E. INFANTIL

1ª HORA	8:50H-9:50H
2ª HORA	9:50H-10:40H
3ª HORA	10:40H-11:30H
RECREO	11:30H-11:55H
4ª HORA	11:55H-13.10H
5ª HORA	13.10H-13:50H

11.2.-HORARIO LECTIVO DE E. PRIMARIA

1ª HORA	8:55H-9:50H
2ª HORA	9:50H-10:40H
3ª HORA	10:40H-11:30H
RECREO	11:30H-11:55H
4ª HORA	11:55H-13.10H
5ª HORA	13.10H-13:55H

11.3.- ATENCIÓN PAIS/NAIS OU TITORES/AS LEGAIS DO ALUMNADO

- Todos os martes de 16:00h a 17:00h

11.4.- ATENCIÓN AO ALUMNADO TRANSPORTADO

- Dous profesores reciben ao alumnado transportado e acompañan ao centro.

11.5.-HORARIO AULA INFORMÁTICA

- Transitoriamente durante o curso 23-24, e ata que o claustro decida a nova organización do espazo e uso pedagóxico do mesmo, na sala de profesorado haberá colgado na cortiza un horario.

11.6.-HORARIO BIBLIOTECA ESCOLAR

- O equipo de Biblioteca establecerá quendas de uso da biblioteca escolar no horario escolar.
- Tamén permanecerá aberta tódalas tardes de 16:00h a 18:00h.

11.7.- DÍAS NON LECTIVOS

- Ademais dos sinalados no Calendario Escolar, serán non lectivos o día 9 de maio (Ascensión) e 10 de maio (solicitado).

12.- GARDAS
12.1.-GARDAS INFANTIL

4º EI	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
9:00/9:50					
9:50/10:40	GARDA	COO			
10:40/11:30					COO
11:55/13:10			COO	COO	
13:10/14:00					

5º E.I.	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
9:00/9:50					
9:50/10:40		GARDA	COO		
10:40/11:30	APOIO 5ºEI				
11:55/13:10					GARDA
13:10/14:00			GARDA		

6º EI	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
9:00/9:50					
9:50/10:40				GARDA	APOIO 6ºE
10:40/11:30			GARDA		
11:55/13:10	APOIO 6ºEI	GARDA			
13:10/14:00					

[Escriba aquí]

12.2.- GARDAS PRIMARIA

1º EP	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00/9:50				SECRETARIA	
9:50/10:40				SECRETARIA	apoio 2º
10:40/11:30	GARDA	apoio 1º	GARDA		
11:55/13:10				GARDA	SECRETARIA
13:10/14:00	SECRETARIA	SECRETARIA	SECRETARIA		SECRETARIA

2º EP	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00/9:50		DIRECCIÓN	DIRECCIÓN	DIRECCIÓN	DIRECCIÓN
9:50/10:40		APOIO 1º		GARDA	
10:40/11:30			APOIO 2º		GARDA
11:55/13:10	GARDA			APOIO 2º	
13:10/14:00	DIRECCIÓN	DIRECCIÓN	DIRECCIÓN	DIRECCIÓN	DIRECCIÓN

2ºEP T/C	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00/9:50	GARDA				
9:50/10:40			APOIO 6º	GARDA	APOIO 4ºEI
10:40/11:30	APOIO 2º			APOIO 2º	APOIO 1º
11:55/13:10	APOIO 1º		APOIO 2º		APOIO 2º
13:10/14:00				GT	

3º EP	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00/9:50					
9:50/10:40	APOIO 4ºEP		GARDA		
10:40/11:30	GARDA	COO 2º CICLO			
11:55/13:10					APOIO 4ºEP
13:10/14:00				APOIO 4ºEP	GardaTransp

4ºEP	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00/9:50	GARDA				
9:50/10:40			APOIO 3º		
10:40/11:30				APOIO 3º	APOIO 3º
11:55/13:10		COO			
13:10/14:00		GT			GARDA

5ºA EP	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00/9:50		GARDA			
9:50/10:40		APOIO 5ºB			GARDA
10:40/11:30			COO		
11:55/13:10	APOIO 5ºB			APOIO 5ºB	
13:10/14:00			GT		

5º EP	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00/9:50					GARDA
9:50/10:40	APOIO 5ºA				
10:40/11:30		APOIO 5ºA		GARDA	APOIO 5ºA
11:55/13:10		GARDA			
13:10/14:00	GT				

6º EP	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00/9:50		APOIO 5ºB		GARDA	APOIO 5ºA
9:50/10:40			COO		
10:40/11:30					
11:55/13:10		APOIO 2º	GARDA		
13:10/14:00	GT				

12.3.- GARDAS ESPECIALISTAS

MUSIC/TC1ºEP	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00/9:50	APOIO 6ºEP	GARDA	APOIO 6ºEP	GARDA	APOIO 1ºEP
9:50/10:40					
10:40/11:30	COO	APOIO 6ºEP	APOIO 6ºEP	APOIO 6ºEP	
11:55/13:10					
13:10/14:00				GT	

RELIXIÓN	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00/9:50			GARDA	COO	GARDA
9:50/10:40		BIBLIO	GARDA		GARDA
10:40/11:30					GARDA
11:55/13:10		BIBLIO	GARDA	BIBLIO	BIBLIO
13:10/14:00			GT		

APOIO EI	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00/9:50	XEFATURA	XEFATURA	XEFATURA	XEFATURA	XEFATURA
9:50/10:40			XEFATURA	XEFATURA	
10:40/11:30		A/C 4ºEI		A/C 4ºEI	
11:55/13:10					
13:10/14:00	GARDA	GT		A/C 4ºEI	GARDA

INGLES/PC EP	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00/9:50			GARDA		
9:50/10:40					
10:40/11:30					
11:55/13:10			COO		
13:10/14:00		GT			

Educac. fisica	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00/9:50					
9:50/10:40	GARDA				APOIO 3ºEP
10:40/11:30					
11:55/13:10	APOIO 3ºEP		APOIO 3ºEP	GARDA	GARDA
13:10/14:00			GT		

12.4.- GARDAS DEPARTAMENTO ORIENTACIÓN

ORIENTACIÓN	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00/9:50					
9:50/10:40					
10:40/11:30		GARDA			
11:55/13:10					
13:10/14:00	COO	GARDA		REUNIÓN D.O.	

PEDG. TER..	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00/9:50					
9:50/10:40					
10:40/11:30					
11:55/13:10					
13:10/14:00				REUNIÓN D.O.	

AUDIC. LING.	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00/9:50					
9:50/10:40					
10:40/11:30					
11:55/13:10					
13:10/14:00				REUNIÓN D.O.	

12.5.- CALENDARIO DE REUNIÓN DE EQUIPOS

MISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓGICA	EQUIPOS DOCENTES	EQUIPOS DINAMIZACIÓN
12 setembro	19 setembro	26 setembro
3 outubro	10 outubro	17 outubro
24 outubro	31 outubro	7 novembro
14 novembro	21 novembro	28 novembro
5 decembro	19 decembro	9 xaneiro
16 xaneiro	23 xaneiro	30 xaneiro
6 febreiro	20 febreiro	27 febreiro
5 marzo	19 marzo	2 abril
9 abril	16 abril	23 abril
30 abril	7 maio	14 de maio
21 maio	28 maio	4 xuño
11 xuño	18 xuño	

14.- SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

O centro conta con servizo de transporte escolar, polo que conta cunha ruta organizadas para todo o alumnado.

O transporte escolar que fai o servizo neste Centro, é subvencionado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e realizado pola Empresa Lázara S.A. Utiliza no itinerario un autobús no que viaxan durante este curso escolar un total de 44 nenos/as da zona rural de Figueiras.

Do total de alumnado transportado, 8 alumnos/as contan con permiso para un uso excepcional do mesmo.

O autobús fai o seguinte percorrido: Piñor – Folgoso – Cruce da Cova – Xulacasa – Codesedas – Pazos – Moas –Sarela- Bar de Arriba- **Bar de Abaixo**- CEIP Raíña Fabiola

O alumnado usuario do transporte escolar chega ao centro ás 8:50 h, momento no que pasa a ser custodiado polo persoal docente, que o acompaña e garda ata a hora de entrada nas aulas (8:55 h). Así mesmo este alumnado será custodiado e acompañado na hora da saída 13:55h ata que sube no mesmo transporte.



Esta PXA foi avaliada positivamente polo Claustro e o Consello Escolar do CEIP Raiña Fabiola o 17 de outubro de 2023, e aprobada pola presidenta dos dous órganos colexiados, M^a Emilia Guerra Fernández, directora do centro.

INFORME DO CLAUSTRO

Esta Programación Xeral Anual foi informada favorablemente polo Claustro de Profesores, en sesión ordinaria celebrada o día 17 de outubro de 2023.

CERTIFICACIÓN DO CONSELLO ESCOLAR

En sesión ordinaria do Consello Escolar, celebrada o día 17 de outubro de 2023, foi informada favorablemete a Programación Xeral Anual do centro para o curso 2023/2024.

Santiago de Compostela a 18 de outubro de 2023.

A secretaria

Asdo.: M^a Elena Busto Galego

V^o e prace

A direcctora

Asdo.: M^a Emilia Guerra Fernández